O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez Arias, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López, José Manuel Rey Varela, Julia Rodríguez Barreira, Alberto Pazos Couñago, Marta Nóvoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Beatriz Mato Otero, Jackeline Elizabeth Fernández Macías e Maribel Novo Fariña**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre unha cuestión fundamental para a correcta prestación dos servizos públicos dependentes da Xunta de Galicia e que debe ser resolta antes do remate do ano 2019.

Exposición de motivos:

Estamos a finais do mes de novembro e o Goberno central tan só transferiu a Galicia 167 dos 700 millóns de euros que adebedaba este ano á comunidade autónoma.

Pese a que o Goberno central rectificou e aprobou actualizar as entregas a conta para este ano, por 334 millóns de euros no caso de Galicia, a falta de menos de un mes para que remate o ano, aínda segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

Unha vez celebradas as eleccións, e aínda sen saber cando será posible unha investidura, o Goberno central en funcións debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos antes de que finalice este ano.



Porque queda escasamente un mes de ano e se acaba o tempo. Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira xa que se non chegan estes recursos terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia:

1. Declara o seu apoio á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata a través dunha de estas dúas opcións:
 - a. Que habilite o financiamento previsto para compensar todas as cantidades do IVE correspondente á mensuralidade non computada no 2017 a todas as CC.AA., deputacións provinciais e entidades locais, antes do 30 de decembro, empregando o sistema habitual de habilitación de recursos tributarios do sistema mediante minoración dos ingresos, ou de non poder realizarse do xeito anterior a través da correspondente modificación orzamentaria, ampliando os correspondentes créditos da Sección 36.
 - b. Nun contexto de prórroga como o actual e tendo en conta que no presente exercicio 2019 a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) xa esta a recadar 12 meses de IVE de xeito efectivo, mentres que so liquidou 11 na devandita liquidación do exercicio 2017, a anterior opción debería poder aplicarse (ao igual que se fixo coa actualización dos pagos a conta). Pero, en todo caso, de non estimarse como factible dita solución propónse que a Administración Xeral do Estado asuma un incremento transitorio do seu endebedamento, polo mesmo importe que a débeda do IVE non liquidado e que, posteriormente, unha vez





implementado o mecanismo legal axeitado, deixe sen efecto esa débeda. Con este axuste contable o IVE sería igual á débeda que o Goberno central subscribiría e transferiría ás Comunidades Autónomas.

2. Declara o seu apoio á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.
3. Insta á Xunta de Galicia a dar traslado deste acordo ao Goberno de España e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados”.

Santiago de Compostela 29 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/11/2019 12:04:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/11/2019 12:04:10

Paula Prado Del Río na data 29/11/2019 12:04:24

Marta Rodriguez Arias na data 29/11/2019 12:04:36

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 29/11/2019 12:05:12

María Isabel Novo Fariña na data 29/11/2019 12:05:21

Jacobo Moreira Ferro na data 29/11/2019 12:05:31

Gonzalo Trenor López na data 29/11/2019 12:05:40

María Julia Rodriguez Barreira na data 29/11/2019 12:05:50

Alberto Pazos Couñago na data 29/11/2019 12:06:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



María Guadalupe Murillo Solís na data 29/11/2019 12:06:48

Marta Novoa Iglesias na data 29/11/2019 12:07:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/11/2019 12:07:15

José Manuel Rey Varela na data 29/11/2019 12:07:27

Beatriz Mato Otero na data 29/11/2019 12:07:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á vaga de intoxicacións alimentares en diversas escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de novembro declarábase unha nova vaga de intoxicacións alimentarias entre as crianzas usuarias do servizo de comedor escolar na rede pública A Galiña Azul, de titularidade da Xunta de Galiza a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Afectou a escolares de cando menos unha decena de centros, concretamente os de Fene, Ares, Oza-Cesuras, Carral, Betanzos, Cangas, O Burgo (Culleredo), Ogrobe, Cambre, Oleiros e Cangas. Todas estas escolas infantís comparten a mesma empresa de catering que subministra os menús escolares.

Os síntomas foron semellantes ós rexistrados a fins de outubro noutra vaga de intoxicacións alimentarias que afectaron polo menos a corenta crianzas, a causa tamén dos produtos servidos pola empresa que xestiona os comedores escolares de todas estas escolas infantís.

Nas intoxicacións de fins de outubro, todas as alumnas afectadas presentaban síntomas similares ás reaccións alérxicas que se deron semanas despois, a comezos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novembro. No primeiro caso, a causa dun menú de palometa. No segundo caso, a comezos de novembro, tras servirse polo con pasta.

Nos dous casos as reacción alérxicas apareceron de súpeto e foron similares: ronchas ou grans arredor da boca, inchazón, sensación de proído e malestar. Os centros avisaron ás familias e estas acudiron aos centros de saúde. A pesar da incomodidade, ao parecer remitiron ao pouco tempo e sen necesidade de administrar medicación.

A información ofrecida pola Xunta foi moi deficitaria, como denunciaron as familias afectadas. Pasouse de tentar saír do paso a finais de outubro anunciando unha investigación sobre o acontecido a afirmar, o vicepresidente da Xunta, que eran “casos illados e moi leves”. Días despois desde o Consorcio, buscando un golpe de efecto en campaña electoral, anunciou que ordenaba á empresa adquirir alimentos e menaxe en mercados de proximidade a cada unha das escolas ás que surte os comedores.

A privatización dos servizos públicos, está a demostrarse de xeito cotián, repercute negativamente na calidade das prestacións que reciben as persoas, ademais de resultar nunha precarización de postos de traballo que, a medio prazo, contribúe á crise social, económica e demográfica que padece Galiza.

As usuarias destes centros son persoas de até tres anos de idade, a parte máis feble da sociedade galega, e o mínimo é que a Xunta, tanto como autoridade sanitaria como en calidade de responsable última das escolas infantís, garanta a seguridade e saúde delas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento un informe sobre a vaga de intoxicacións alimentares producidas en diversas escolas infantís no que conste como mínimo: investigación realizada, conclusións, medidas tomadas, centros e nenos/as afectados/as.

2.- Realizar todas as actuacións para que a Xunta pase a prestar directamente o servizo de comedor escolar nas escolas infantís de titularidade pública, garantindo a calidade do servizo, incluíndo a compra de produtos de produción local, para evitar novas vagas de intoxicacións.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2019 11:15:10

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2019 11:15:19

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2019 11:15:24

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2019 11:15:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2019 11:15:37

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2019 11:15:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O Goberno galego, en alianza cos Executivos de Asturias e Castela e León, e con numerosas forzas empresariais e sociais das tres comunidades autónomas vén traballando intensamente nos últimos anos para que a incorporación do noroeste peninsular no Corredor Atlántico redunde no incremento da capacidade loxística e da competitividade económica destes territorios.

Nesta liña, o Parlamento Europeo e o Consello de Ministros da Unión, no mes de marzo, chegaron a unha posición común sobre a proposta da Comisión Europea de incluír no aliñamento do Corredor Atlántico da rede básica as seguintes seccións: Xixón-León-Valladolid; A Coruña-Vigo-Ourense-León.

Tamén, no mes de xuño, no transcurso da reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da rede básica europea de transportes polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios do Mecanismo Conectar Europa.

Con todo, preocupa a falta de avances por parte do Goberno español en relación a este asunto. O 20 de febreiro de 2019 o Ministerio de Fomento presentou un borrador do Plan Director para o Corredor Atlántico, consistente unicamente nun Power Point, que xeraba moitas dúbidas, pola ausencia nese documento das actuacións e dos investimentos que se entenden como imprescindibles para garantir a competitividade da liña ferroviaria do noroeste peninsular.

Desde a Xunta de Galicia, e desde este grupo parlamentario que sustenta a acción do Executivo galego, vimos demandando e insistindo na necesidade de que a inclusión do noroeste español no Corredor Atlántico se traduza nunha infraestrutura moderna que favoreza o desenvolvemento económico e a competitividade destes territorios no eido do transporte de mercadorías e na loxística. E para iso faise necesario que o Goberno español presente, canto antes, proxectos concretos e de calidade para conseguir fondos europeos que se traduzan nunha verdadeira modernización desta liña



ferroviaria, algo que desde este grupo parlamentario xa trouxemos a debate neste Parlamento.

Cómpre lembrar, tamén, que o pasado 16 de outubro se abriu unha nova convocatoria do *CEF Multi-Annual Work Programme* (MAP), dotada con 750 M€ en distintas liñas de financiamento nas que se poderían incluír distintos proxectos de interese para Galicia.

Resérvanse, por exemplo, 500 M€ para proxectos preidentificados nos corredores da rede básica, entre os que se atopa a liña ferroviaria A Coruña-Vigo-Palencia, é dicir, a extensión do Corredor Atlántico a partir do ano 2021, xa que é outro tramo da rede básica identificado no regulamento do Mecanismo Conectar Europa actual; ou 50 M€ para a implantación do ERTMS a bordo, para o desenvolvemento de prototipos para o acondicionamento de vehículos con ERTMS para cumprir coa nova normativa europea, entre outras actuacións destacadas.

Ante a necesidade de que o Goberno español presente, canto antes, proxectos competitivos para modernizar a rede de mercadorías do noroeste con fondos europeos; e tendo en conta que nunha recente reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico organizado pola Dirección Xeral de Transporte da Comisión Europea, celebrada o 19 de novembro, a Xunta puido constatar a falta de avances por parte do Ministerio de Fomento na promoción da rede de mercadorías do noroeste ante o mecanismo de financiamento comunitario “*Conectar Europa*”, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Fomento:

- 1.- A elaboración e presentación, á maior brevidade, dun Plan Director de transporte de mercadorías para o noroeste peninsular que estableza unha programación para o desenvolvemento dunha rede ferroviaria de calidade e acorde cos requisitos establecidos para a rede principal da Rede Transeuropea de Transporte.
- 2.- A elaboración e presentación de proxectos concretos e de calidade, compatibles co Plan Director, que permitan modernizar a rede de mercadorías do noroeste español con fondos comunitarios.
- 3.- Solicitar fondos da nova convocatoria do *CEF Multi-Annual Work Programme* (MAP) para iniciar os proxectos necesarios para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte no noroeste peninsular. Nesta liña, a ter especialmente en conta o proxecto ferroviario da saída sur de Vigo, posible beneficiario destas axudas, ao tratarse dunha actuación estratéxica para Galicia e para o Norte de Portugal”.



Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2019 13:43:04

Martín Fernández Prado na data 22/11/2019 13:43:26

Jaime Castiñeira Broz na data 22/11/2019 13:44:05

Diego Calvo Pouso na data 22/11/2019 13:44:25

Jacobo Moreira Ferro na data 22/11/2019 13:48:02

Antonio Mouriño Villar na data 22/11/2019 13:48:25

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/11/2019 13:48:57

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2019 13:49:24

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/11/2019 13:49:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece no seu artigo 11 a condición de autoridade pública do profesorado, de xeito que no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

Esta mesma lei na súa disposición adicional primeira, sobre a asistencia xurídica ao profesorado e ao persoal non docente que dependa da Administración educativa, determina que a Administración educativa promoverá as medidas oportunas para garantir a adecuada protección e asistencia xurídica do profesorado dos centros docentes públicos e do persoal non docente que dependa da Administración educativa, así como a cobertura da súa responsabilidade civil, en relación cos feitos que deriven do seu exercicio profesional e das funcións que realice dentro ou fóra do recinto escolar. En todo caso, o profesorado destes centros e o persoal non docente que dependa da Administración educativa gozarán do dereito á representación e defensa en xuízo nos termos establecidos na normativa reguladora da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Recentemente a organización sindical ANPE vén de facer público o *Informe do defensor do profesor 2018-2019*. Este informe amosa certos indicadores preocupantes, como que o 79,5 % das chamadas que recibe este servizo proceden de profesorado que imparte docencia na educación primaria e na educación secundaria (incluíndo aquí as de bacharelato), o que en principio se corresponde coa porcentaxe de alumnado nestas etapas sobre o total.

Pero o que resulta máis rechamante é que un 19 % das chamadas están relacionadas con denuncias de pais e nais e acoso, insultos e ameazas por parte deles; algún destes feitos poderían ser tipificados como delitos e requirir a actuación da Xunta de Galicia conforme ao que se establece na citada disposición adicional primeira da Lei 4/2011.



Con independencia dos negos que se poidan atribuír ao informe (por tratarse de profesorado que se sinte nunha situación ante a que necesita defensa) e a súa representatividade (136 chamadas no curso 2018/2019), o informe apunta a incrementos preocupantes nas condutas sinaladas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver actuacións que incidan no recoñecemento da profesión docente e o respecto ás persoas que a desenvolven.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2019 14:08:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2019 14:08:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2019 14:08:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao desmantelamento do Hospital Comarcal de Verín por parte da Xunta de Galiza e ás súas necesidades de rectificación respecto da decisión de suspender as gardas de pediatria e o servizo de paritorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de paritorio nin tampouco habería gardas de pediatria hospitalaria.

Esta decisión chega despois dunha longa lista de agravios con este Hospital, e ás portas dunha mobilización anunciada para o 30 de novembro despois dos acontecementos respecto da área de dermatoloxía e as sospeitas da situación futura da cociña.

A nefasta política sanitaria da Xunta de Galiza e a súa folla de ruta intensificada a partir da aprobación da reforma da lei de saúde do noso país están a levar a unha situación límite hospitais coma o comarcal de Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación non se sostén e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeitamos as desculpas técnicas ofrecidas polo SERGAS, que só busca aproveitar as dificultades da falta de especialistas en pediatría, unhas dificultades nas que principalmente podemos destacar a mala previsión da Xunta de Galiza, que ignora a previsión de xubilación dos facultativos, e as deficientes condicións que ofrecen ás e aos profesionais que acaban marchando a outras partes de Galiza ou do Estado. Máis aínda, é ridículo que se venda como máis seguro que as mulleres que rompen augas viaxen como mínimo unha hora até Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa decisión de suprimir o servizo de paritorio e desmantelar as urxencias pediátricas do Hospital de Verín así como a reunirse de forma inmediata coa comunidade hospitalaria de Verín de cara a fixar o calendario e orzamento necesario para o cumprimento das súas demandas, comprometéndose a ofrecer un servizo de calidade a comezar polo mantemento do catálogo de servizos do hospital, para o que deberá subsanar de forma inmediata as deficiencias de cirurxía, dermatoloxía, paritorio e pediatría hospitalaria.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/11/2019 11:19:28

Xosé Luis Bará Torres na data 25/11/2019 11:20:04

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2019 11:20:11

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2019 11:20:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/11/2019 11:20:26

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 11:20:34



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Daniel Vega Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto o artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Autovía da Mariña ou A-74 é un proxecto de vía terrestre de dobre calzada e sentido, que se estenderá ao longo do norte da provincia de Lugo. Esta vía unirá as localidades de San Cibrao, no termo municipal de Cervo e Barreiros, o que suporá unha alternativa á estrada nacional N-642, que discorre pola costa, que soporta un intenso tráfico. Ten a súa orixe nas proximidades de San Cibrao, onde enlazará coa Vía de Alta Capacidade da Coste Norte. Enlazará en Barreiros coa autovía A-8.

Neste senso, cómpre lembrar que os avances que se teñen producido ata o de agora nesta infraestrutura foron grazas a Orzamentos Xerais do Estado aprobados en mandatos do Partido Popular. Así, a adxudicación da redacción do proxecto do tramo Barreiros-Foz foi aprobada por un Goberno do Partido Popular.

Tamén, no treito que transcorre entre Foz e Burela, aínda que saíu publicada no Boletín Oficial do Estado o 20 de febreiro de 2019 a formalización do contrato para a redacción dos proxectos de trazado e construción da A-74 no treito entre Burela e Foz o certo é que a data de adxudicación da redacción do proxecto corresponde ao 5 de abril de 2017, tal e como



pode comprobarse na propia resolución. Isto é, gobernando tamén en España o Partido Popular.

Polo tanto, foi un Goberno do Partido Popular quen dotou de orzamento esta infraestrutura. O Partido Popular desde o Goberno o Estado incluíu partidas orzamentarias para esta nova infraestrutura nos Orzamentos Xerais do Estado do ano 2018 a pesar do voto en contra do Partido Socialista. Previamente a estes orzamentos o Goberno do Partido Popular xa incluíra partidas orzamentarias necesarias para a laboriosa tramitación administrativa que conlevan este tipo de actuacións.

Coa chegada do novo Goberno español, dirixido polo señor Pedro Sánchez todo mudou para peor: ralentizando trámites, poñendo obstáculos e retrasando a fase de redacción dos proxectos. Isto fai que, estando a finais de 2019, nin se teñan licitado as obras dos treitos Barreiros-Foz e Foz-Burela, e que o treito San Cibrao-Burela aínda estea pendente a licitación da redacción do proxecto.

Vemos, polo tanto, como unha infraestrutura de vital transcendencia para unha comarca tan importante como é A Mariña se ve ralentizada e obstaculizada polo actual Goberno español, que non se amosado vontade nin dado pasos para cumprir cun compromiso que o Goberno de España asumiu con todos os seus veciños e veciñas.

Unha vontade política que o Partido Popular demostrou a través dos Orzamentos Xerais do Estado cando tivo responsabilidades de Goberno.

Por outra banda, hai que ter en conta a importancia que ten A Mariña para o conxunto da provincia de Lugo. A achega desta comarca ao PIB da provincia lucense sobrepasa o 50% grazas a empresas como Alcoa, os portos de Celeiro e de Burela ou ao turismo e ao sector servizos.

Polo tanto, estamos a falar dunha vía de comunicación moi necesaria para A Mariña, que incidirá na vertebración da comarca, acorde ao século XXI; e dunha infraestrutura



estratéxica para facer da Mariña unha verdadeira cidade lineal coas vantaxes de desenvolvemento social e económico que levaría implícitas; e acadando unha axeitada conexión co resto de Galicia e de España, xa que sería a continuación do eixe viario de alta capacidade entre Ferrol e San Cibrao, e pecharía o triángulo formado pola Autovía do Cantábrico A-8, no tramo galego entre Ribadeo e Baamonde, e a autovía AG-64.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno español para que consigne nos Orzamentos Xerais do Estado para 2020 as partidas necesarias para avanzar na materialización da autovía A-74, estratéxica para A Mariña luguesa: realizando os trámites administrativos necesarios para a licitación, no ano 2020, da obra no treito Barreiros-Foz, para a información pública e aprobación do proxecto do treito Foz-Burela e para a licitación e adxudicación da redacción do proxecto do treito Burela-San Cibrao”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 13:30:09

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 13:30:30

Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 13:30:44

Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 13:31:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 13:31:25

Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 13:31:35

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/11/2019 13:31:49

Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 13:32:03

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 13:32:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2019 13:32:37

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 13:32:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/11/2019 13:33:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos.

O Goberno galego anunciou a súa intención de rematar coas axudas agroambientais, aínda que posteriormente se comprometeu a estudar o asunto.

Dende o Grupo Común da Esquerda non entendemos ditas dúbidas xa que as axudas agroambientais son vitais para a supervivencia de miles de explotacións en zonas onde son os últimos baluartes contra a desertificación do rural.

Ademais ditas axudas apoian prácticas ambientalmente sostibles e de xestión do territorio que preservan a paisaxe, o medio natural e a biodiversidade.

As agroambientais conxeláranse a partir do ano 2021 mentres se revisa a PAC e polo tanto, precisan para a súa preservación un período temporal de financiamento alternativo ao dos fondos europeos.

Noutras comunidades autónomas si decidiron xa adiantar dita financiación como é o caso de Castela e León.

O abandono das agroambientais pode supoñer o peche de centos de explotacións e ese é un luxo que Galiza non se pode permitir si quere manter o territorio xestionado e vivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 13:36:46
Nº Rexistro: 59352
Data envío: 25/11/2019 13:36:46.394

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a comprometerse a manter as axudas agroambientais, máis alá do 2021, habilitando todos os mecanismos, incluídos os orzamentarios, para acadar tal obxectivo.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/11/2019 13:32:14

Marcos Cal Ogando na data 25/11/2019 13:32:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Sandra Vázquez Domínguez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

A estación intermodal de Lugo é un proxecto estratéxico para a cidade e para o conxunto da provincia por canto fará posible integrar nun mesmo espazo as instalacións ferroviarias, incluídas as futuras necesidades derivadas da alta velocidade, con outros servizos de transporte urbano e interurbano.

Esta nova infraestrutura pública nace na procura de promover a utilización do transporte público sustentable, mediante a execución das obras precisas para que, en Lugo, veciños e usuarios teñan, ao igual que noutras cidades galegas, a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público *-ferrocarril e autobús-*, dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

O Goberno galego está a liderar o traballo para que Lugo teña unha estación intermodal. Xa ten realizado un completo estudo de alternativas e ten proposto un texto de convenio para sentar as bases da colaboración entre as distintas administracións implicadas en facer realidade a intermodalidade: Xunta, Concello de Lugo e Ministerio de Fomento, a través do ADIF.

O modelo de colaboración establecido para a estacións intermodais galegas consiste en que a Xunta constrúe e financia a terminal de autobuses; o Ministerio de Fomento constrúe e financia a reforma ferroviaria; e o Concello asume a adecuación urbanística, coa colaboración da Administración autonómica de ser necesario, e os accesos que cumpren.

Con todo, existen razóns para considerar que a xestión do Goberno socialista que preside Pedro Sánchez pode ser un freo ao desenvolvemento desta infraestrutura e doutros proxectos ferroviarios estratéxicos para Lugo e toda a provincia.



Vemos como os gobernos socialistas, tanto no Executivo estatal como no Concello de Lugo, están a dilatar a sinatura do convenio de colaboración entre as distintas administracións para a execución da estación intermodal, a pesar de que se basea nos convenios asinados noutras cidades de Galicia (porque Lugo nin pode nin debe ser diferente). Tamén vemos como, por parte do Goberno central, se pretenden incumprir varios dos compromisos adquiridos e recollidos no seu propio proxecto.

É o caso do aparcadoiro subterráneo vinculado á estación de ferrocarril, que o Ministerio de Fomento incluíu no proxecto presentado en marzo de 2019, polo ministro Ábalos, a presidenta do ADIF, o delegado do Goberno en Galicia e a alcaldesa de Lugo. Un proxecto para a terminal ferroviaria intermodal que incluíu a construción dun gran aparcadoiro subterráneo.

Ese aparcadoiro subterráneo é unha necesidade da terminal ferroviaria comprometida polo Ministerio de Fomento. De feito, o propio estudo funcional elaborado por Adif recoñece que a futura estación necesita un aparcadoiro subterráneo de 300 prazas para atender as necesidades ferroviarias.

Con todo, chegada a hora de plasmar os compromisos nun convenio de colaboración entre as distintas administracións implicadas, atopámonos con que o Goberno central non quere asumir o custo dese aparcadoiro subterráneo vinculado á terminal ferroviaria. Vemos como o Goberno estatal non quere pagar un aparcadoiro imprescindible para que a cidade de Lugo teña unha estación intermodal completa, tal e como foi deseñada.

Ante a necesidade de que cada administración asuma os compromisos que lle corresponde no eido das súas responsabilidades e eses compromisos queden plasmados, á maior brevidade, nun convenio de colaboración semellante ao asinado para as intermodais noutras cidades galegas e para que Lugo non sufra máis retrasos na execución da súa estación intermodal, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Esixir que o Ministerio de Fomento constrúa e financie a terminal ferroviaria da estación intermodal que presentou na cidade de Lugo en marzo de 2019. Isto é: unha terminal ferroviaria reformada e dotada cun aparcadoiro subterráneo que cubra as súas necesidades.



2.- Demandar do Concello de Lugo e do Ministerio de Fomento, como administracións implicadas no desenvolvemento da estación intermodal de Lugo xunto coa Administración autonómica, que asinen, á maior brevidade, o convenio de colaboración a tres bandas proposto pola Xunta, similar ao xa asinado noutras cidades galegas que teñen as súas estacións intermodais en execución”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Santiago de Compostela, 20 de noviembre de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 13:42:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2019 13:43:34

Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 13:43:53

Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 13:44:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 25/11/2019 13:45:08

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 13:45:27

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 13:46:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59358
Data envío: 25/11/2019 14:09:33.469**

Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 13:46:44

Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 13:46:52

María Julia Rodriguez Barreira na data 25/11/2019 13:47:10

Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 13:47:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 13:47:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKIH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Sandra Vázquez Dominguez, Daniel Vega Pérez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e Daniel Varela Suanzes-carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento está a construír a autovía A-54, Santiago de Compostela-Lugo como un eixe interurbano de altas prestacións que substitúa as vías convencionais N-547 e N-640, que se caracterizaban polas limitacións de velocidade, condicionadas polo trazado e pola velocidade dos vehículos pesados.

A nova infraestrutura reduce os tempos de percorrido entre Santiago e Lugo e mellora as comunicacións de importantes núcleos intermedios como Arzúa, Melide, Palas de Rei e Guntín. A lonxitude total da autovía é de 85 km.

Estamos a falar dunha infraestrutura, libre de peaxe, que permitirá percorrer a distancia entre a capital galega e Lugo en menos dunha hora, en torno á metade do tempo que hai que empregar na actualidade pola estrada N-547.

Polo que, unha vez completada, a nova autovía erixirase nun grande eixe vertebrador do interior de Galicia, unindo Lugo coa Galicia máis atlántica, e posibilitando que os cidadáns de municipios intermedios, como Palas de Rei, Melide, Santiso, Arzúa ou O Pino, vexan acurtadas as distancias que os separan dos centros de actividade económica, administrativa, social e cultural.

No mes de marzo de 2018 iniciábanse as obras do último treito da A-54, a autovía entre Lugo e Santiago de Compostela. Estamos a falar, concretamente, dos traballos no treito entre Melide e Arzúa, case 17 quilómetros.

En reunións mantidas entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Fomento, desde a Comunidade Autónoma trasladouse a necesidade de acurtar prazos para poder contar coa infraestrutura completa en servizo no Xacobeo 2021.

O pasado novembro de 2018 os medios de comunicación facíanse eco de que as obras pendentes da A-54 avanzaban a un ritmo máis lento do agardado e que o Ministerio de



Fomento non concretaba prazos nin previsións para a posta en servizo dos tres tramos pendentes, por isto desde este grupo parlamentario rexistrouse daquela unha PNL (nº 40910) que foi aprobada no Parlamento de Galicia, no marco da Comisión 2ª celebrada o 29 de marzo, que na parte resolutiva dicía:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

1. Solicitarlle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos tres treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.
2. Demandarlle axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que o treito A Lavacolla-Arzúa poida estar finalizado no primeiro semestre de 2019; e que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020.»

O tramo Lavacolla-Arzúa xa está en servizo, pero os outros dous tramos que tiñan que rematar no 2020 están retrasados e tamén tivemos coñecemento polos medios de comunicación os pasados días que as obras seguen a ter retrasos por posibles afeccións patrimoniais e ambientais, a pesar de que a obra contaba con todos os informes e tramitacións ambientais e de patrimonio.

Aínda sendo conscientes da grande complexidade técnica e dos inxentes esforzos económicos que supón unha infraestrutura destas características, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que desde o Ministerio de Fomento se concreten os prazos previstos e se axilice, ao máximo, os traballos para culminar o que é unha infraestrutura prioritaria para a mobilidade e o reforzo da seguridade viaria dos usuarios e dos veciños que cada día fan o percorrido entre Lugo e a capital de Galicia.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

- 1.- Solicitarlle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos dous treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.
- 2.- Demandarlle que reimpulse os traballos canto antes e axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020”.



Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 14:24:53

Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 14:25:42

Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 14:26:04

Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 14:26:23

Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 14:26:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/11/2019 14:26:59

Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 14:27:09

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/11/2019 14:27:19

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 14:27:53

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 14:28:04

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 14:28:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKIH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez**, **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Félix Rubial, xerente da EOXI de Ourense, anunciou ao persoal do Hospital Comarcal de Verín o 22 de novembro de 2019 que, a data de 1 de decembro, se pecha a unidade de partos deste centro.

Deste xeito, o hospital de referencia para o parto das mulleres da comarca pasa a ser o de Ourense, a 70 km –como mínimo, dependendo do concello de residencia– de distancia.

O peche do paritorio do Hospital de Verín é violencia institucional contra as mulleres, de carácter machista, por varias razóns:

- 1.- Porque esta decisión afecta só as mulleres (ademais das súas crianzas).
- 2.- As mulleres embarazadas terán que desprazarse no momento de parir a quilómetros de distancia, ata o Hospital de Ourense.
- 3.- Supón indirectamente a perda da calidade asistencial nun momento tan delicado para a nai e para as criaturas como é o de parir, momento no que ambos poden poñer en risco as súas vidas.



4.- Segundo os datos da propia xerencia da EOXI, o 10% das nais teñen máis de 40 anos, con cadros de hipertensión e diabeite xestacional, habendo máis partos prematuros e máis embarazos produto de técnicas de reprodución, o que complica os partos e a asistencia a neonatos.

O xerente da área sanitaria de Ourense, O Barco e Verín, Félix Rubial, e o xefe de xinecoloxía do CHUO, José Luis Doval e Santiago Fernández Cebrián, xefe de pediatría, sinalaron a necesidade do peche do servizo pola baixa natalidade e para “velar pola seguridade e garantía asistencial das futuras nais e os bebés”. Son as autoridades sanitarias da Xunta as que prescinden deste servizo amparándose en razóns non contrastadas e que suporán o traslado a outros hospitais do persoal que atende o paritorio, aínda que o resto dos servizos asistenciais de atención á xestación queden no propio hospital de Verín.

Non parece de recibo que esta decisión non fose consultada coas persoas ás que vai afectar, máxime cando hai mulleres con embarazo de alto risco, ás que desprazarse a Ourense vai supor un risco engadido. Tampouco é aceptable o escaso marxe de tempo co que a xerencia comunica a decisión ao persoal do Hospital.

Esta decisión de peche de servizos en comarcas rurais vai en sentido contrario do equilibrio territorial e da blindaxe dos dereitos sociosanitarios da poboación galega, viva onde viva.

Tendo medios e tendo excelentes profesionais sanitarias, esta decisión só se entende con mentalidade de aforro de recursos sanitarios e concentración dos mesmos nos hospitais das cidades, seguindo a liña da Xunta nos últimos anos, que suprimiu as áreas sanitarias –como a de Verín–.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Manter en activo a unidade de partos do Hospital Comarcal de Verín, así como o resto da actividade asistencial relacionada co embarazo e post-parto.
- 2.- Manter as e os profesionais vinculados á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermería obstétrico-xinecolóxica e enfermería pediátricas, así como profesionais da medicina pediátrica.
3. Recuperar a área sanitaria de Verín.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputada, deputados e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/11/2019 17:28:34

David Rodríguez Estévez na data 25/11/2019 17:28:45

Luis Villares Naveira na data 25/11/2019 17:28:53





Francisco Casal Vidal na data 25/11/2019 17:29:05

CSV: BOPGDSPGIKH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputada, **Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez**, a través da súa portavoz adxunta e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

A subida do prezo dos alugueiros que se produciu nos últimos anos non foi ligada a unha mellora do nivel adquisitivo da cidadanía, o que está provocando que cada vez máis persoas atopen dificultades para acceder a unha vivenda digna.

O Goberno galego non adoptou as medidas pertinentes para solucionar esta situación, a pesares de ter moitas opcións, como a de crear un parque público de vivenda, ou a de mobilizar as 300.000 vivendas baleiras que, a día de hoxe, hai espalladas pola xeografía galega. É preciso, por tanto, que se tomen medidas en xeral para garantir o acceso a vivenda, regulando os prezos dos alugueiros, e que, ademais, se tomen medidas para solucionar a situación na que se atopan algúns colectivos específicos, que teñen máis dificultades, como son as mulleres que viviron violencias machistas.

As actuais axudas para o acceso a un alugueiro poden deixar fóra a moitas destas mulleres. Son complicados de cumprir en moitos casos os requisitos para acceder a ser persoa beneficiaria deixando pouca marxe de flexibilidade, por exemplo os requisitos como “*que o documento acreditativo da situación de violencia fose emitido dentro dos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude*”.



Pero son os requisitos que se esixen ás rendas, ou mesmo ao estado da vivenda, os máis afastados da realidade.

Atopar unha vivenda dun máximo de renda de 450 € nas cidades galegas, que ademais dispoña das condicións esixibles de accesibilidade, por parte dunha muller que non dispón dos recursos suficientes para cumprir con requisitos esixibles por parte de arrendatarios ou arrendatarias en canto a pago de fianzas elevados, estabilidade laboral, ou avales, resulta moi complicado.

Polo tanto, é necesario mudar estas axudas para que se adecúen a realidade existente e para que sexan verdadeiramente útiles.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a ORDE do 11 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, cando menos nos seguintes apartados:

- a) Mellorando as prestacións e adaptando os requisitos á realidade do mercado de alugueiro no noso país.
- b) Incorporando medidas que ofrezan garantías ás arrendadoras como seguros ou avais. Facilitando así que accedan a alugar vivendas ás persoas que accedan ao bono social.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59485
Data envío: 28/11/2019 16:10:48.441

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Julia Torregrosa Sañudo.

Deputadas e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2019 15:53:27

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2019 15:53:37

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/11/2019 15:53:55

Antón Sánchez García na data 28/11/2019 15:55:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Grupo Común da Esquerda xa expresou na Comisión de orzamentos de cultura o seu desacordo co desequilibrio evidente entre a AGADIC e a ATG. A norma indica que as contas deben presentarse equilibradas, é dicir, ten que haber unha correspondencia entre ingresos e gastos. Se non, falamos de anomalías. A Xunta debe facer unha aportación clara de explotación. Debe explicar nidiamente que porcentaxes se destinan á compra de produtos ou a aportación de servizos.

A nivel xeral compre salientar que para o ano 2020 a Xunta pretende, ante todo, dar un paso máis na consolidación dos recortes. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, **74.884.984 €**, o 0,11% do PIB. A mesma porcentaxe que en 2019. Porén, non chegamos á metade do que tiñamos no ano 2009 cando había **141.564.579 €**, o 0.25% do PIB. Na actualidade hai **87.662.279 €** menos que no ano 2009.

Ao noso entender, os orzamentos son insuficientes. Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual da cultura sobre o PIB non fixo máis que descender. Non acontece o mesmo en Turismo que si resulta estratéxico para este goberno



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Só o turismo e non o noso ecosistema cultural que por moito que digan están dissociados. Presentaron uns orzamentos nos que se di que a Consellería de Cultura e Turismo é a que máis medra, cun alza do **8,9%** impulsada, en boa medida, polo **Xacobeo**, pero non é certo, non hai tal incremento en Cultura.

Un exemplo dese desequilibrio e de que todo vai dirixido a potenciar o *Ano Santo*, vémolos nos orzamentos destinados ás Axencias dependentes da Consellería de Cultura e Turismo. É importante reparar na diferenza significativa entre ámbalas dúas:

Axencia Galega De Industrias Culturais.....	11.806.506 €
Axencia de Turismo de Galicia.....	73.835.909 €

O ano pasado formulamos una emenda de devolución á Axencia Galega de Industriais Culturais na que alertabamos de que a precariedade dos seus orzamentos (11.720.641€) non permitía desenvolver as súas competencias. Ese ano, a Axencia recibe practicamente a mesma cantidade de diñeiro (11.806.506€) –só se produciu un leve incremento–, polo que cómpre subliñar de novo que o Goberno da Xunta non se está tomando en serio a necesidade de reforzar e promover a cultura galega. Este ano volvemos formular unha nova emenda de devolución por motivos obvios.

A comparativa específica entre os orzamentos destinados entre o 2019 e o 2020 ás unidades de produción, nas que se apreza unha drástica redución, debe explicalas e argumentalas o responsable máximo da Consellería de Cultura e Turismo coa fin de manter a súa credibilidade, despois das afirmacións vagas, esquivas e inconcretas que verquiu no Pleno, na sesión específica do 20 de



novembro de 2019.

Uns orzamentos para *Fomento das actividades culturais* sen desglosar, nos que tan só aparecen as cantidades globais por un total de 11.806.506 €, sen máis detalle. No ano 2012 dispuña de 4M€ máis, o que nos dá unha idea da falla de compromiso da Consellería de Cultura coa Axencia de Industrias Culturais de Galicia e co noso ecosistema cultural .

É lóxica a preocupación do ecosistema cultural galego con respecto ás actuacións de obras de interese estratéxico, nas que se apreza unha caída porcentual con respecto aos centros de produción e consideramos de total relevancia que a transparencia na rendición de contas sexa absoluta para non minar a confianza e a credibilidades social nunha Institución que ten a obriga de facelo.

Lembramos, por se alguén o esqueceu, que entre os obxectivos da AGADIC atópanse, segundo a Consellería de Cultura e Turismo:

- a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.



- e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

A AGADIC confirmou a diferentes medios de comunicación que varios dos proxectos do CDG e do CCG para 2020 desenvolveranse ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo. Desmentiu a través dun comunicado que vaia haber recortes nos orzamentos do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego

A erregueté, Revista Galega de Teatro, pediulle á AGADIC a oportunidade de facer unhas preguntas ao director da Axencia, Jacobo Sutil, e recibiu por resposta un breve comunicado que di: “Tanto o Centro Dramático Galego como o Centro Coreográfico Galego non verán diminuídas a súa dotación económica en 2020, xa que varios dos proxectos de ambas unidades de produción para o ano que vén se desenvolverán ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo 2021 e estes investimentos non se contabilizan dentro do orzamento da Agadic, senón do de Turismo de Galicia”.

Dise que nos orzamentos da Axencia de Turismo para 2020 existe unha partida de máis de dez millóns de euros para o Xacobeo 2021, mais sen desglosar, polo que resulta imposible saber cal vai ser o diñeiro destinado ás unidades de produción. Isto non ofrece ningunha garantía, seguridade, nin rigor na resposta por parte da AGADIC.

Aínda que as dúas Axencias pertencen á mesma Consellería, as dotacións deben estar desagregadas e as súas contabilidades ser independentes. Non se entende



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

por que os recursos minguan e a reclamación reiterada de reformulación, por parte das asociacións, profesionais, axentes implicados, e grupos políticos da oposición, non se aborda como merece.

Tampouco amosa dignidade nin respecto polo ecosistema cultural galego, quen sendo o máximo responsable da súa protección fai declaracións de costas a parte do tecido asociativo do sector escénico, musical e audiovisual, anunciando no Pleno dunha sesión parlamentaria e por sorpresa, a elaboración dun estatuto da AGADIC, sen contar con todas as persoas implicadas, cando ademais o que se lle pregunta é polos orzamentos, sen desmentir os recortes. Isto esixe unha aclaración.

No que ten a ver co CDG: as xiras son cada vez máis curtas. Canto as coproducións, acúsase ao programa do CDG de ocultar tras elas unha serie de subvencións ocultas, outorgadas arbitrariamente e sen que se coñezan os criterios que rexen as adxudicacións. Hai unha tendencia á burocratización e externalización. Á baixa produción, únense carencias orzamentarias e polémicas arredor dos procesos de selección de elencos, xiras de distribución máis exiguas que nunca, desaparición de programas de proxección exterior como o *Proxecto Nós*. O balance non semella moi satisfactorio: a palabra “refundación” aparece constantemente entre os críticos coa xestión da ADADIC e a esixencia de autonomía para o CDG aparece en todas as receitas como a vía que se deba seguir para normalizar o funcionamento dunha institución con máis de trinta anos de existencia.

O Centro Coreográfico Galego: no mes de xuño un grupo de profesionais galegos da danza fixo público un manifesto que denunciaba “múltiples irregularidades” e



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

“mala xestión e falta de transparencia”, despois de que o CCG anunciase a estrea do espectáculo Maestro Rodrigo –no que a filla de Suárez exercía de primeira bailarina–, logo dun longo período sen producións propias. Nese manifesto, denunciábase a “inactividade do CCG (sen producións propias nas últimas tempadas) e a inexistencia absoluta dun Plan de actuación para as artes do movemento desde o CCG, que sinale os seus obxectivos, funcións, fundamentos, estratexias, programa de actividades, plan de usos e distribución dos recursos públicos empregados, entre outros”, ademais de opacidade, falta de rendición de contas, “incompatibilidades, non xustificadas debidamente, entre o cargo da dirección do centro de natureza pública, e o mantemento de actividades de iniciativa privada no mesmo sector de actividade” e irregularidades que afectaban ao espectáculo Maestro Rodrigo.

O que anuncia o Conselleiro é que se vai crear unha praza de coordinación do Centro Coreográfico. Equiparan a praza á da coordinadora do CDG (coa evidente baixada de categoría profesional). E asemade afirma que se creará unha nova praza de Xerente para a Axencia Galega de Industrias Culturais.

A Administración debера cumprir co dereito de acceso á cultura, recuperando os orzamentos para Cultura, recortados nesta década negra. As Artes Escénicas, a Música, a Danza, as Artes Visuais no noso país, a pesares da súa precariedade ofrecen un alto nivel de calidade de creación, un retorno significativo e teñen capacidade demostrada abondo para situar á cidadanía no centro das políticas culturais.

Polo exposto preséntanse a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Aclarar cal van ser os orzamentos reais para o 2020 do CDG e CCG.
- Consensuar coas asociacións profesionais os posibles e necesarios cambios na estrutura da AGADIC e/ou das súas unidades de produción.
- Conveniar coa profesión os seus plans de actuación para os centros de produción das artes escénicas do movemento.
- Establecer dun xeito sólido, fiable e veraz canles leais de comunicación coas asociacións do sector teatral.
- Estudar co sector os niveis de adscrición do CGAI.
- Crear máis axudas á difusión nos distintos ámbitos artísticos.
- Contemplar as necesidades arquivísticas, documentais e de aumento do traballo sobre o patrimonio moble.
- Incrementar os investimentos concretos para as restauracións fílmicas.
- Resolver na maior brevidade de tempo os nomeamentos das tres persoas responsables do CDG, CCG e CEGAI.
- Consultar con todas as Asociacións a creación do novo Estatuto da Axencia.
- Explicitar en que partida se contempla a creación da RPT de Xerencia da AGADIC.
- Clarexar o anuncio de que non vai haber recortes alegando que algúns dos proxectos destas unidades se van desenvolver ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo 2021.
- Restituír e ampliar significativamente as cantidades orzamentarias asignadas ás unidades de produción dependentes da AGADIC para o ano 2020, co gallo de dar pasos certos cara a construción dun verdadeiro Teatro Nacional Galego.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 17:46:06
Nº Rexistro: 59496
Data envío: 28/11/2019 17:46:06.728

-Recuperar o Centro de Documentación Teatral dotándoo de recursos humanos e materiais e adxudicándolle un espazo axeitado.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/11/2019 17:36:02

Luca Chao Pérez na data 28/11/2019 17:36:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á vaga de intoxicacións alimentares en diversas escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de novembro declarábase unha nova vaga de intoxicacións alimentarias entre as crianzas usuarias do servizo de comedor escolar na rede pública A Galiña Azul, de titularidade da Xunta de Galiza a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Afectou a escolares de cando menos unha decena de centros, concretamente os de Fene, Ares, Oza-Cesuras, Carral, Betanzos, Cangas, O Burgo (Culleredo), Ogrobe, Cambre, Oleiros e Cangas. Todas estas escolas infantís comparten a mesma empresa de catering que subministra os menús escolares.

Os síntomas foron semellantes ós rexistrados a fins de outubro noutra vaga de intoxicacións alimentarias que afectaron polo menos a corenta crianzas, a causa tamén dos produtos servidos pola empresa que xestiona os comedores escolares de todas estas escolas infantís.

Nas intoxicacións de fins de outubro, todas as alumnas afectadas presentaban síntomas similares ás reaccións alérxicas que se deron semanas despois, a comezos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novembro. No primeiro caso, a causa dun menú de palometa. No segundo caso, a comezos de novembro, tras servirse polo con pasta.

Nos dous casos as reacción alérxicas apareceron de súpeto e foron similares: ronchas ou grans arredor da boca, inchazón, sensación de proído e malestar. Os centros avisaron ás familias e estas acudiron aos centros de saúde. A pesar da incomodidade, ao parecer remitiron ao pouco tempo e sen necesidade de administrar medicación.

A información ofrecida pola Xunta foi moi deficitaria, como denunciaron as familias afectadas. Pasouse de tentar saír do paso a finais de outubro anunciando unha investigación sobre o acontecido a afirmar, o vicepresidente da Xunta, que eran “casos illados e moi leves”. Días despois desde o Consorcio, buscando un golpe de efecto en campaña electoral, anunciou que ordenaba á empresa adquirir alimentos e menaxe en mercados de proximidade a cada unha das escolas ás que surte os comedores.

A privatización dos servizos públicos, está a demostrarse de xeito cotián, repercute negativamente na calidade das prestacións que reciben as persoas, ademais de resultar nunha precarización de postos de traballo que, a medio prazo, contribúe á crise social, económica e demográfica que padece Galiza.

As usuarias destes centros son persoas de até tres anos de idade, a parte máis feble da sociedade galega, e o mínimo é que a Xunta, tanto como autoridade sanitaria como en calidade de responsable última das escolas infantís, garanta a seguridade e saúde delas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento un informe sobre a vaga de intoxicacións alimentares producidas en diversas escolas infantís no que conste como mínimo: investigación realizada, conclusións, medidas tomadas, centros e nenos/as afectados/as.

2.- Realizar todas as actuacións para que a Xunta pase a prestar directamente o servizo de comedor escolar nas escolas infantís de titularidade pública, garantindo a calidade do servizo, incluíndo a compra de produtos de produción local, para evitar novas vagas de intoxicacións.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2019 11:13:19

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2019 11:14:15

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2019 11:14:21

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2019 11:14:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2019 11:14:35

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2019 11:14:44



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

O Goberno galego, en alianza cos Executivos de Asturias e Castela e León, e con numerosas forzas empresariais e sociais das tres comunidades autónomas vén traballando intensamente nos últimos anos para que a incorporación do noroeste peninsular no Corredor Atlántico redunde no incremento da capacidade loxística e da competitividade económica destes territorios.

Nesta liña, o Parlamento Europeo e o Consello de Ministros da Unión, no mes de marzo, chegaron a unha posición común sobre a proposta da Comisión Europea de incluír no aliñamento do Corredor Atlántico da rede básica as seguintes seccións: Xixón-León-Valladolid; A Coruña-Vigo-Ourense-León.

Tamén, no mes de xuño, no transcurso da reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da rede básica europea de transportes polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios do Mecanismo Conectar Europa.

Con todo, preocupa a falta de avances por parte do Goberno español en relación a este asunto. O 20 de febreiro de 2019 o Ministerio de Fomento presentou un borrador do Plan Director para o Corredor Atlántico, consistente unicamente nun Power Point, que xeraba moitas dúbidas, pola ausencia nese documento das actuacións e dos investimentos que se entenden como imprescindibles para garantir a competitividade da liña ferroviaria do noroeste peninsular.

Desde a Xunta de Galicia, e desde este grupo parlamentario que sustenta a acción do Executivo galego, vimos demandando e insistindo na necesidade de que a inclusión do noroeste español no Corredor Atlántico se traduza nunha infraestrutura moderna que favoreza o desenvolvemento económico e a competitividade destes territorios no eido do transporte de mercadorías e na loxística. E para iso faise necesario que o Goberno español presente, canto antes, proxectos concretos e de calidade para conseguir



fondos europeos que se traduzan nunha verdadeira modernización desta liña ferroviaria, algo que desde este grupo parlamentario xa trouxemos a debate neste Parlamento.

Cómpre lembrar, tamén, que o pasado 16 de outubro se abriu unha nova convocatoria do *CEF Multi-Annual Work Programme* (MAP), dotada con 750 M€ en distintas liñas de financiamento nas que se poderían incluír distintos proxectos de interese para Galicia.

Resérvanse, por exemplo, 500 M€ para proxectos preidentificados nos corredores da rede básica, entre os que se atopa a liña ferroviaria A Coruña-Vigo-Palencia, é dicir, a extensión do Corredor Atlántico a partir do ano 2021, xa que é outro tramo da rede básica identificado no regulamento do Mecanismo Conectar Europa actual; ou 50 M€ para a implantación do ERTMS a bordo, para o desenvolvemento de prototipos para o acondicionamento de vehículos con ERTMS para cumprir coa nova normativa europea, entre outras actuacións destacadas.

Ante a necesidade de que o Goberno español presente, canto antes, proxectos competitivos para modernizar a rede de mercadorías do noroeste con fondos europeos; e tendo en conta que nunha recente reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico organizado pola Dirección Xeral de Transporte da Comisión Europea, celebrada o 19 de novembro, a Xunta puido constatar a falta de avances por parte do Ministerio de Fomento na promoción da rede de mercadorías do noroeste ante o mecanismo de financiamento comunitario “*Conectar Europa*”, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Fomento:

1.- A elaboración e presentación, á maior brevidade, dun Plan Director de transporte de mercadorías para o noroeste peninsular que estableza unha programación para o desenvolvemento dunha rede ferroviaria de calidade e acorde cos requisitos establecidos para a rede principal da Rede Transeuropea de Transporte.

2.- A elaboración e presentación de proxectos concretos e de calidade, compatibles co Plan Director, que permitan modernizar a rede de mercadorías do noroeste español con fondos comunitarios.

3.- Solicitar fondos da nova convocatoria do *CEF Multi-Annual Work Programme* (MAP) para iniciar os proxectos necesarios para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte no noroeste peninsular. Nesta liña, a ter especialmente en conta o proxecto ferroviario da saída sur de Vigo, posible beneficiario destas axudas, ao tratarse dunha actuación estratéxica para Galicia e para o Norte de Portugal”.



Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2019 13:54:15

Martín Fernández Prado na data 22/11/2019 13:54:35

Jaime Castiñeira Broz na data 22/11/2019 13:54:54

Diego Calvo Pouso na data 22/11/2019 13:55:20

Jacobo Moreira Ferro na data 22/11/2019 13:55:32

Antonio Mouriño Villar na data 22/11/2019 13:56:10

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/11/2019 13:56:36

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2019 13:56:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/11/2019 13:57:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKIH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece no seu artigo 11 a condición de autoridade pública do profesorado, de xeito que no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

Esta mesma lei na súa disposición adicional primeira, sobre a asistencia xurídica ao profesorado e ao persoal non docente que dependa da Administración educativa, determina que a Administración educativa promoverá as medidas oportunas para garantir a adecuada protección e asistencia xurídica do profesorado dos centros docentes públicos e do persoal non docente que dependa da Administración educativa, así como a cobertura da súa responsabilidade civil, en relación cos feitos que deriven do seu exercicio profesional e das funcións que realice dentro ou fóra do recinto escolar. En todo caso, o profesorado destes centros e o persoal non docente que dependa da Administración educativa gozarán do dereito á representación e defensa en xuízo nos termos establecidos na normativa reguladora da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Recentemente a organización sindical ANPE vén de facer público o *Informe do defensor do profesor 2018-2019*. Este informe amosa certos indicadores preocupantes, como que o 79,5 % das chamadas que recibe este servizo proceden de profesorado que imparte docencia na educación primaria e na educación secundaria (incluíndo aquí as de bacharelato), o que en principio se corresponde coa porcentaxe de alumnado nestas etapas sobre o total.

Pero o que resulta máis rechamante é que un 19 % das chamadas están relacionadas con denuncias de pais e nais e acoso, insultos e ameazas por parte deles; algún destes feitos poderían ser tipificados como delitos e requirir a actuación da Xunta de Galicia conforme ao que se establece na citada disposición adicional primeira da Lei 4/2011.



Con independencia dos sesgos que se poidan atribuír ao informe (por tratarse de profesorado que se sente nunha situación ante a que necesita defensa) e a súa representatividade (136 chamadas no curso 2018/2019), o informe apunta a incrementos preocupantes nas condutas sinaladas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver actuacións que incidan no recoñecemento da profesión docente e o respecto ás persoas que a desenvolven.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2019 14:09:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2019 14:09:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2019 14:09:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao desmantelamento do Hospital Comarcal de Verín por parte da Xunta de Galiza e ás súas necesidades de rectificación respecto da decisión de suspender as gardas de pediatria e o servizo de paritorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de paritorio nin tampouco habería gardas de pediatria hospitalaria.

Esta decisión chega despois dunha longa lista de agravios con este Hospital, e ás portas dunha mobilización anunciada para o 30 de novembro despois dos acontecementos respecto da área de dermatoloxía e as sospeitas da situación futura da cociña.

A nefasta política sanitaria da Xunta de Galiza e a súa folla de ruta intensificada a partir da aprobación da reforma da lei de saúde do noso país están a levar a unha situación límite hospitais coma o comarcal de Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación non se sostén e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeitamos as desculpas técnicas ofrecidas polo SERGAS, que só busca aproveitar as dificultades da falta de especialistas en pediatría, unhas dificultades nas que principalmente podemos destacar a mala previsión da Xunta de Galiza, que ignora a previsión de xubilación dos facultativos, e as deficientes condicións que ofrecen ás e aos profesionais que acaban marchando a outras partes de Galiza ou do Estado. Máis aínda, é ridículo que se venda como máis seguro que as mulleres que rompen augas viaxen como mínimo unha hora até Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa decisión de suprimir o servizo de paritorio e desmantelar as urxencias pediátricas do Hospital de Verín así como a reunirse de forma inmediata coa comunidade hospitalaria de Verín de cara a fixar o calendario e orzamento necesario para o cumprimento das súas demandas, comprometéndose a ofrecer un servizo de calidade a comezar polo mantemento do catálogo de servizos do hospital, para o que deberá subsanar de forma inmediata as deficiencias de cirurxía, dermatoloxía, paritorio e pediatría hospitalaria.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/11/2019 11:21:14

Xosé Luis Bará Torres na data 25/11/2019 11:21:24

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2019 11:21:30

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2019 11:21:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/11/2019 11:21:46

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 11:22:04



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

Exposición de motivos.

O Goberno galego anunciou a súa intención de rematar coas axudas agroambientais, aínda que posteriormente se comprometeu a estudar o asunto.

Dende o Grupo Común da Esquerda non entendemos ditas dúbidas xa que as axudas agroambientais son vitais para a supervivencia de miles de explotacións en zonas onde son os últimos baluartes contra a desertificación do rural.

Ademais ditas axudas apoian prácticas ambientalmente sostibles e de xestión do territorio que preservan a paisaxe, o medio natural e a biodiversidade.

As agroambientais conxeláranse a partir do ano 2021 mentres se revisa a PAC e polo tanto, precisan para a súa preservación un período temporal de financiamento alternativo ao dos fondos europeos.

Noutras comunidades autónomas si decidiron xa adiantar dita financiación como é o caso de Castela e León.

O abandono das agroambientais pode supoñer o peche de centos de explotacións e ese é un luxo que Galiza non se pode permitir si quere manter o territorio xestionado e vivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 13:36:11
Nº Rexistro: 59351
Data envío: 25/11/2019 13:36:11.816

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a comprometerse a manter as axudas agroambientais, máis alá do 2021, habilitando todos os mecanismos, incluídos os orzamentarios, para acadar tal obxectivo.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/11/2019 13:31:42

Marcos Cal Ogando na data 25/11/2019 13:31:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Sandra Vázquez Domínguez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos:

A estación intermodal de Lugo é un proxecto estratéxico para a cidade e para o conxunto da provincia por canto fará posible integrar nun mesmo espazo as instalacións ferroviarias, incluídas as futuras necesidades derivadas da alta velocidade, con outros servizos de transporte urbano e interurbano.

Esta nova infraestrutura pública nace na procura de promover a utilización do transporte público sustentable, mediante a execución das obras precisas para que, en Lugo, veciños e usuarios teñan, ao igual que noutras cidades galegas, a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público *-ferrocarril e autobús-*, dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

O Goberno galego está a liderar o traballo para que Lugo teña unha estación intermodal. Xa ten realizado un completo estudo de alternativas e ten proposto un texto de convenio para sentar as bases da colaboración entre as distintas administracións implicadas en facer realidade a intermodalidade: Xunta, Concello de Lugo e Ministerio de Fomento, a través do ADIF.

O modelo de colaboración establecido para a estacións intermodais galegas consiste en que a Xunta constrúe e financia a terminal de autobuses; o Ministerio de Fomento constrúe e financia a reforma ferroviaria; e o Concello asume a adecuación urbanística, coa colaboración da Administración autonómica de ser necesario, e os accesos que cumpren.

Con todo, existen razóns para considerar que a xestión do Goberno socialista que preside Pedro Sánchez pode ser un freo ao desenvolvemento desta infraestrutura e doutros proxectos ferroviarios estratéxicos para Lugo e toda a provincia.



Vemos como os gobernos socialistas, tanto no Executivo estatal como no Concello de Lugo, están a dilatar a sinatura do convenio de colaboración entre as distintas administracións para a execución da estación intermodal, a pesar de que se basea nos convenios asinados noutras cidades de Galicia (porque Lugo nin pode nin debe ser diferente). Tamén vemos como, por parte do Goberno central, se pretenden incumprir varios dos compromisos adquiridos e recollidos no seu propio proxecto.

É o caso do aparcadoiro subterráneo vinculado á estación de ferrocarril, que o Ministerio de Fomento incluíu no proxecto presentado en marzo de 2019, polo ministro Ábalos, a presidenta do ADIF, o delegado do Goberno en Galicia e a alcaldesa de Lugo. Un proxecto para a terminal ferroviaria intermodal que incluía a construción dun gran aparcadoiro subterráneo.

Ese aparcadoiro subterráneo é unha necesidade da terminal ferroviaria comprometida polo Ministerio de Fomento. De feito, o propio estudo funcional elaborado por Adif recoñece que a futura estación necesita un aparcadoiro subterráneo de 300 prazas para atender as necesidades ferroviarias.

Con todo, chegada a hora de plasmar os compromisos nun convenio de colaboración entre as distintas administracións implicadas, atopámonos con que o Goberno central non quere asumir o custo dese aparcadoiro subterráneo vinculado á terminal ferroviaria. Vemos como o Goberno estatal non quere pagar un aparcadoiro imprescindible para que a cidade de Lugo teña unha estación intermodal completa, tal e como foi deseñada.

Ante a necesidade de que cada administración asuma os compromisos que lle corresponde no eido das súas responsabilidades e eses compromisos queden plasmados, á maior brevidade, nun convenio de colaboración semellante ao asinado para as intermodais noutras cidades galegas e para que Lugo non sufra máis retrasos na execución da súa estación intermodal, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Esixir que o Ministerio de Fomento constrúa e financie a terminal ferroviaria da estación intermodal que presentou na cidade de Lugo en marzo de 2019. Isto é: unha terminal ferroviaria reformada e dotada cun aparcadoiro subterráneo que cubra as súas necesidades.



2.- Demandar do Concello de Lugo e do Ministerio de Fomento, como administracións implicadas no desenvolvemento da estación intermodal de Lugo xunto coa Administración autonómica, que asinen, á maior brevidade, o convenio de colaboración a tres bandas proposto pola Xunta, similar ao xa asinado noutras cidades galegas que teñen as súas estacións intermodais en execución”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Santiago de Compostela, 20 de noviembre de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 13:50:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2019 13:50:17

Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 14:04:55

Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 14:05:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 25/11/2019 14:05:43

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 14:06:05

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 14:06:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 14:06:44

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/11/2019 14:07:13

Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 14:07:25

Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 14:07:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 14:08:11



Á Mesa Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Sandra Vázquez Dominguez, Daniel Vega Pérez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e Daniel Varela Suanzes-carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento está a construír a autovía A-54, Santiago de Compostela-Lugo como un eixe interurbano de altas prestacións que substitúa as vías convencionais N-547 e N-640, que se caracterizaban polas limitacións de velocidade, condicionadas polo trazado e pola velocidade dos vehículos pesados.

A nova infraestrutura reduce os tempos de percorrido entre Santiago e Lugo e mellora as comunicacións de importantes núcleos intermedios como Arzúa, Melide, Palas de Rei e Guntín. A lonxitude total da autovía é de 85 km.

Estamos a falar dunha infraestrutura, libre de peaxe, que permitirá percorrer a distancia entre a capital galega e Lugo en menos dunha hora, en torno á metade do tempo que hai que empregar na actualidade pola estrada N-547.

Polo que, unha vez completada, a nova autovía erixirase nun grande eixe vertebrador do interior de Galicia, unindo Lugo coa Galicia máis atlántica, e posibilitando que os cidadáns de municipios intermedios, como Palas de Rei, Melide, Santiso, Arzúa ou O Pino, vexan acurtadas as distancias que os separan dos centros de actividade económica, administrativa, social e cultural.

No mes de marzo de 2018 iniciábanse as obras do último treito da A-54, a autovía entre Lugo e Santiago de Compostela. Estamos a falar, concretamente, dos traballos no treito entre Melide e Arzúa, case 17 quilómetros.

En reunións mantidas entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Fomento, desde a Comunidade Autónoma trasladouse a necesidade de acurtar prazos para poder contar coa infraestrutura completa en servizo no Xacobeo 2021.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



O pasado novembro de 2018 os medios de comunicación facíanse eco de que as obras pendentes da A-54 avanzaban a un ritmo máis lento do agardado e que o Ministerio de Fomento non concretaba prazos nin previsións para a posta en servizo dos tres tramos pendentes, por isto desde este grupo parlamentario rexistrouse daquela unha PNL (nº 40910) que foi aprobada no Parlamento de Galicia, no marco da Comisión 2ª celebrada o 29 de marzo, que na parte resolutiva dicía:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

1. Solicitalle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos tres treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.
2. Demandarlle axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que o treito A Lavacolla-Arzúa poida estar finalizado no primeiro semestre de 2019; e que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020.»

O tramo Lavacolla-Arzúa xa está en servizo, pero os outros dous tramos que tiñan que rematar no 2020 están retrasados e tamén tivemos coñecemento polos medios de comunicación os pasados días que as obras seguen a ter retrasos por posibles afeccións patrimoniais e ambientais, a pesar de que a obra contaba con todos os informes e tramitacións ambientais e de patrimonio.

Aínda sendo conscientes da grande complexidade técnica e dos inxentes esforzos económicos que supón unha infraestrutura destas características, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que desde o Ministerio de Fomento se concreten os prazos previstos e se axilice, ao máximo, os traballos para culminar o que é unha infraestrutura prioritaria para a mobilidade e o reforzo da seguridade viaria dos usuarios e dos veciños que cada día fan o percorrido entre Lugo e a capital de Galicia.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **comisión**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

- 1.- Solicitalle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos dous treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.



2.- Demandarlle que reimpulse os traballos canto antes e axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 14:30:05

Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 14:30:34

Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 14:30:57

Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 14:31:12

Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 14:31:39

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/11/2019 14:31:52

Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 14:32:07

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/11/2019 14:32:14

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 14:32:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2019 14:33:27

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 14:33:52

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 14:34:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez**, **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Félix Rubial, xerente da EOXI de Ourense, anunciou ao persoal do Hospital Comarcal de Verín o 22 de novembro de 2019 que, a data de 1 de decembro, se pecha a unidade de partos deste centro.

Deste xeito, o hospital de referencia para o parto das mulleres da comarca pasa a ser o de Ourense, a 70 km –como mínimo, dependendo do concello de residencia– de distancia.

O peche do paritorio do Hospital de Verín é violencia institucional contra as mulleres, de carácter machista, por varias razóns:

- 1.- Porque esta decisión afecta só as mulleres (ademais das súas crianzas).
- 2.- As mulleres embarazadas terán que desprazarse no momento de parir a quilómetros de distancia, ata o Hospital de Ourense.
- 3.- Supón indirectamente a perda da calidade asistencial nun momento tan delicado para a nai e para as criaturas como é o de parir, momento no que ambos poden poñer en risco as súas vidas.



4.- Segundo os datos da propia xerencia da EOXI, o 10% das nais teñen máis de 40 anos, con cadros de hipertensión e diabeite xestacional, habendo máis partos prematuros e máis embarazos produto de técnicas de reprodución, o que complica os partos e a asistencia a neonatos.

O xerente da área sanitaria de Ourense, O Barco e Verín, Félix Rubial, e o xefe de xinecoloxía do CHUO, José Luis Doval e Santiago Fernández Cebrián, xefe de pediatría, sinalaron a necesidade do peche do servizo pola baixa natalidade e para “velar pola seguridade e garantía asistencial das futuras nais e os bebés”. Son as autoridades sanitarias da Xunta as que prescinden deste servizo amparándose en razóns non contrastadas e que suporán o traslado a outros hospitais do persoal que atende o paritorio, aínda que o resto dos servizos asistenciais de atención á xestación queden no propio hospital de Verín.

Non parece de recibo que esta decisión non fose consultada coas persoas ás que vai afectar, máxime cando hai mulleres con embarazo de alto risco, ás que desprazarse a Ourense vai supor un risco engadido. Tampouco é aceptable o escaso marxe de tempo co que a xerencia comunica a decisión ao persoal do Hospital.

Esta decisión de peche de servizos en comarcas rurais vai en sentido contrario do equilibrio territorial e da blindaxe dos dereitos sociosanitarios da poboación galega, viva onde viva.

Tendo medios e tendo excelentes profesionais sanitarias, esta decisión só se entende con mentalidade de aforro de recursos sanitarios e concentración dos mesmos nos hospitais das cidades, seguindo a liña da Xunta nos últimos anos, que suprimiu as áreas sanitarias –como a de Verín–.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Manter en activo a unidade de partos do Hospital Comarcal de Verín, así como o resto da actividade asistencial relacionada co embarazo e post-parto.
- 2.- Manter as e os profesionais vinculados á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermería obstétrico-xinecolóxica e enfermería pediátricas, así como profesionais da medicina pediátrica.
3. Recuperar a área sanitaria de Verín.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputada, deputados e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/11/2019 17:29:23

David Rodríguez Estévez na data 25/11/2019 17:29:33

Luis Villares Naveira na data 25/11/2019 17:29:43





Francisco Casal Vidal na data 25/11/2019 17:29:53

CSV: BOPGDSPGIKH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputada, **Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez**, a través da súa portavoz adxunta e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. No segundo dos casos, a publicación do informe de análise titulado *Por unha atención primaria vertebradora do sistema*



de saúde permite concluir un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos.

Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

- Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.
- Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
- Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
- Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir as conclusións do informe *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* e deseñar, no prazo de tres meses, un plan de acción ligado ás conclusións expostas no informe que permita afrontar as realidades da atención primaria, que en todo caso, debería comezar a executarse no primeiro semestre do ano 2020.

Este Plan de acción contará coas seguintes liñas estratéxica:

A) PERSOAL:

a) A incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte (ex. logopedia).

b)) A renegociación das condicións laborais dos profesionais existentes no sistema a partir de acordos cos representantes en mesa sectorial, singularmente en atención primaria.

c) A mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontinúa, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade e menor variabilidade espacial, singularmente en atención primaria

B) ESTRUTURA ORGANIZATIVA:

a) Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

b) Ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.



C) COORDINACIÓN DE TAREFAS E APROVEITAMENTO DOS PROFESIONAIS:

- Fomentar a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais de atención primaria, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundizar máis no que pode aportar cada unha delas.

D) IMPLEMENTACIÓN DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN:

- Comprometer un incremento das partidas dedicadas á investigación sanitaria e formación de profesionais, que as sitúe no marco do ano anterior, e eleve un 5% progresivo cada una durante os vindeiros 4 anos.

2) Comparecer ante o Parlamento, no prazo de 6 meses, para dar conta da xestión realizada despois da posta en marcha do plan de acción.

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz adxunta do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2019 13:26:35

Noela Blanco Rodríguez na data 26/11/2019 13:26:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/11/2019 13:27:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas. Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos

O Porto Seco de Monforte naceu coa vocación de ser un revulsivo que revitalizaría a economía da Terra de Lemos. Unha plataforma loxística avalada pola súa estratéxica ubicación ferroviaria e a súa situación equidistante respecto dos principais portos e aeroportos de Galicia. Un proxecto que se viu truncado polos cambios de Goberno producidos a nivel local e nacional no ano 2003 e autonómico no ano 2005.

O actual Goberno da Xunta acometeu dende o ano 2010 as obras de urbanización e posteriormente as do acceso coa LU-933, a pesares da situación de crise que estabamos a vivir daquela.

A Xunta de Galicia ten feito un grande esforzo, investindo máis de 13 M€ nos terreos, traballos técnicos e urbanización do Porto Seco. Acometeu tamén a construción da súa conexión coa estrada LU-933, cun orzamento de máis de 5,3 M€ e está a tramitar a súa conexión coa N-120. Esta conexión ten gran relevancia, pois permitirá conectar o Porto Seco cunha estrada nacional, un elemento moi importante para favorecer a implantación de empresas nesta plataforma.

O proxecto de trazado da conexión do Porto Seco de Monforte coa estrada N-120, no treito dende a LU-933, someteuse a información pública en xaneiro de 2018. Dende entón, a Xunta de Galicia veu desenvolvendo todos os trámites e xestións necesarios para a execución deste proxecto. O pasado 11 de xuño de 2019 publicábase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio de 29 de maio de 2019 polo que se facía pública a resolución pola que se aprobaba o expediente de información pública do proxecto de trazado da conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coas estradas LU-933 e N-120, tramo LU-933–N-120.



Porén, recentemente vimos de coñecer un informe de ADIF, en relación a este proxecto, que esixe que a Xunta suprima un paso a nivel sen barreiras existente a 100 metros da estrada que uniría o Porto Seco coa N-120. Esta esixencia representa un importante atranco neste proxecto, porque a supresión deste paso a nivel, non é competencia da Xunta de Galicia, e porque suporía ter que reformular o proxecto, o que implicaría novos retrasos e incrementaría de forma substancial os custos para salvar un paso a nivel sen apenas relevancia funcional.

Desde a Xunta de Galicia fíxose o necesario, no seu día, para superar os inconvenientes xurdidos neste proxecto en relación ao trazado da A-76. É sabido que fronte a esa esixencia de ADIF de supresión do paso a nivel citado, tamén desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade se teñen feito as procedentes alegacións.

Esta última fase da conexión do Porto Seco coa N-120 é fundamental para a operatividade desta plataforma. E eliminar este novo obstáculo plantexado polo ADIF, resulta imprescindible para seguir avanzando na necesaria execución desta última fase da súa conexión coa N-120.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento a fin de que non poña obstáculos que, no marco das súas competencias, poidan dificultar a execución do proxecto da conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coas estradas LU-933 e N-120, tramo LU-933–N-120, pormenorizadamente, no que atinxe á eliminación do paso a nivel do camiño do Canal Alto do Regadío existente nas súas proximidades”.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/11/2019 16:54:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/11/2019 16:54:33

Martín Fernández Prado na data 26/11/2019 16:54:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jaime Castiñeira Broz na data 26/11/2019 16:55:08

Jacobo Moreira Ferro na data 26/11/2019 16:55:50

Antonio Mouriño Villar na data 26/11/2019 16:56:10

Gonzalo Trenor López na data 26/11/2019 16:56:24

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 26/11/2019 16:56:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputada, **Julio Torrado Quintela**, e **Noela Blanco Rodríguez**, a través da súa portavoz adxunta e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia sitúase como unha das CCAA de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia CCAA, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non entanto, a presenza dos profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do SERGAS. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficit de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis



recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar. Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).

Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outro plantexamento asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e presentar, no prazo de seis meses, unha estratexia real de saúde mental en Galicia, acompañada coa dotación de recursos necesarios para o seu desenvolvemento efectivo a través do sistema galego de saúde.
2. Comprometer o impulso da creación de 20 novas prazas para profesionais de psicoloxía no SERGAS nos vindeiros 2 anos, facendo crecer o cadro de persoal para chegar ás ratios recomendadas pola Estratexia Nacional de Saúde.



3. Estudar a proposta de incorporación dos psicólogos aos equipos de atención primaria, para dotar de maior capacidade resolutiva, maior calidade e maior especificidade asistencial ao sistema, e presentar un informe, no prazo de tres meses, sobre a valoración realizada e as conclusións resultantes.

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Patricia Vilan Lorenzo
Portavoz adxunta do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2019 17:19:57

Noela Blanco Rodríguez na data 26/11/2019 17:20:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/11/2019 17:20:25



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Presidente da Xunta de Galicia deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparenta e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

En relación á mellora dos servizos públicos, a Axenda inclúe unha serie de ingresos procedentes do Goberno de España para a prestación de servizos sociais que se considera prioritario recibir nos próximos meses.



Ao tratarse dunha área de tanta importancia, a recuperación dos fondos para a loita contra a pobreza infantil, consideramos que é imprescindible recuperar como mínimo o mesmo nivel de fondos que existían o pasado ano, xa que no presente exercicio destináronse a esta Comunidade 400.000 euros menos para esta cuestión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a recuperación dos fondos para a loita contra a pobreza infantil, restablecendo como mínimo o mesmo nivel de fondos que existía o pasado ano”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/11/2019 10:55:36

Marta Rodriguez Arias na data 27/11/2019 10:55:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2019 10:56:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/11/2019 10:56:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/11/2019 10:56:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/11/2019 10:57:18

María Soraya Salorio Porral na data 27/11/2019 10:57:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/11/2019 10:57:45

Raquel Arias Rodríguez na data 27/11/2019 10:58:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 27/11/2019 10:58:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKIH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No mes de abril de 2018 a Consellería de Política Social e a directora xeral do IMSERSO reafirmaron o compromiso de impulsar de maneira definitiva o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), converténdoo en un centro de referencia estatal na atención as persoas con discapacidade.

A equiparación acollerá unha delegación da oficina de axudas técnicas do Imserso (Ceapat) para que ningunha persoa con discapacidade o familiar teña que saír de Galicia para solicitar as axudas técnicas máis innovadoras que faciliten a plena integración, así como a disposición de 32 prazas residenciais que cubrirán as necesidades das persoas con discapacidade que as necesiten polas súas circunstancias persoais e sociais.

No mes de decembro de 2018 a Consellería de Sanidade asina un convenio con Cogami que suporá novos servizos no CEGADI así como unidades terapéuticas de fisioterapia, rehabilitación, terapia ocupacional, psicomotricidade, logopedia, e estimulación sensorial.

Por outra banda, nos Orzamentos Xerais do Estado que o goberno de Mariano Rajoy aprobou para o ano 2018 (e que seguen vixentes tras sucesivas prórrogas) recóllese unha transferencia de 500.000 € para o CEGADI que aínda non foi abonada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o inicio inmediato das accións necesarias para impulsar a residencia do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) así como a apertura dentro deste Centro dunha delegación do centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas, o que lle compete segundo o convenio asinado entre ambas partes, ademais



de facer efectivo o investimento de medio millón de euros que figura nos orzamentos vixentes”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/11/2019 12:43:15

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/11/2019 12:43:44

Marta Rodriguez Arias na data 27/11/2019 12:44:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2019 12:44:17

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/11/2019 12:44:35

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/11/2019 12:44:50

María Soraya Salorio Porral na data 27/11/2019 12:45:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/11/2019 12:45:25

Raquel Arias Rodríguez na data 27/11/2019 12:45:46

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 27/11/2019 12:46:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai xa 28 anos desde que se publicara no DOG o Decreto 322/1991, do 4 de outubro, polo que se declara de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Santa Marta de Villestro II, no concello de Santiago de Compostela. Tiveron que pasar 18 anos para anunciarse as bases definitivas da zona de concentración.

Estes traballos inda non remataron. No ano 2000, anunciábanse os traballos de investigación da propiedade mediante aviso no DOG, do 1 de febreiro, publicado o venres 10 de marzo; a resolución do 11 de novembro de 2009, publicada no DOG o 10 de decembro do 2009 de aprobación das bases definitivas de concentración parcelaria de Villestro II-Figueiras II; a resolución do 18 de maio de 2010, no que se notifican as persoas interesadas a aprobación das bases definitivas da concentración parcelaria; e o anuncio de 25 de febreiro de 2014, da xefatura territorial da Coruña, no que se empra un afectado por un recurso contra as bases definitivas da zona de concentración parcelaria, publicada o día 13 de marzo de 2014. Non hai nada máis, salvo erro ou omisión, publicado no DOG.

As persoas propietarias dos terreos non poden facer nada máis que agardar ou solicitarlle á Administración que alixeire. Son os prexuízos que se causan polo



transcurso do tempo e que non dan desentullado. Prexudica sobre todo a aquelas actividades vencelladas aos sectores primarios. A isto hai que engadir que unha mala, deficitaria ou nula conservación dos terreos e parcelas, por non poder acceder ás mesmas, incrementa o risco de propagación de incendios, por acumulación da biomasa, esta zona toda está incluída na Zonas de Alto Risco de incendio do PLADIGA.

Co fin de resolver esta situación, debería rematar o proceso de concentración e facilitar o proceso de concentración parcelario no monte das parroquias de Figueiras e Villestro, que segundo algúns datos nin é obxectivo prioritario nin de interese para a Administración autonómica, ou ben explicarse o razoamento de porque non é conveniente a súa finalización ás persoas propietarias afectadas pola mesma.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Rematar o proceso de concentración parcelaria do monte das parroquias de Figueiras e Villestro.
- 2.- Explicar, de non facerse o anterior, mediante comunicación ás persoas propietarias, da conveniencia da non realización da concentración parcelaria.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/11/2019 16:53:18

Luis Villares Naveira na data 27/11/2019 16:53:28



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

A xestión das augas residuais é unha das diferentes problemáticas ambientais e de saúde pública que asolan o noso país. Un problema que xunto con outras agresións como as producidas polo colapso do modelo de xestión de residuos están sendo un serio problema para a conservación da calidade das nosas augas.

O Rio Tea non é unha excepción, tristemente, e en plena rede natura, en Pontearreas, contamos con unha depuradora que leva moitísimos anos soportando unha carga moi superior á que pode xestionar, ocasionando continuas verteduras de auga sen tratar, que están deteriorando o patrimonio natural do lugar.

A Conca Hidrográfica Miño-Sil vén de impoñer outra sanción ao Concello por esta cuestión, unha sanción máis, outras agresións medioambientais máis sen que a Xunta de Galicia reaccione, pois segue sen liderar a posta en marcha dunha solución que debe pasar, loxicamente, pola colaboración das tres administracións, Estado, Xunta de Galicia e Concello.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59447
Data envío: 27/11/2019 18:55:15.242

-O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo sobre as afeccións dos verquidos neste espazo de Rede Natura e a liderar a busca inmediata dunha solución xunto coa Administración local e o Estado.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2019 18:50:57

Antón Sánchez García na data 27/11/2019 18:51:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 3ª**.

Exposición de motivos:

Crear, facer crecer empresas e consolidalas é quizais unha das tarefas máis complicadas no capitalismo, especialmente cando se trata de empresas de certa base tecnolóxica ou cun alto compoñente de innovación.

Durante os últimos anos, Galicia experimentou unha etapa de venda masiva de empresas de capital galego. Unha perda importante foi a venda de Unión Fenosa á antiga Gas Natural. A perda das Caixas de Aforro e tamén doutras entidades financeiras, como o Banco Pastor, supuxeron un punto de inflexión para a economía e a sociedade galega no seu conxunto. A desaparición de empresas de capital galego aconteceu en múltiples sectores como o do transporte e loxística (venda do grupo Azkar ao grupo alemán Dachser), o da alimentación (Pescanova, Celta, Pizza Móvil), da pizarra (venda do grupo Cupa) e no sector do metal (a venda de Censa ao grupo chinés Citic). Tamén se podería destacar o paradigma acontecido con Barreras. Mais isto soamente supón unha pequena mostra, da descapitalización que sofre a economía galega

Por outra banda, un feito importante que está acontecendo na actualidade é que a maioría do investimento procedente do estranxeiro en Galicia non tivo como obxectivo a creación de novas infraestruturas empresariais, senón que tivo como principal obxectivo a compra de accións empresariais. Por exemplo, no ano 2015 destaca a compra realizada polo grupo chinés, China Sonangol, dos estaleiros do



grupo Rodman e no ano 2017, de novo un grupo chinés, merca por 61 millóns de euros a conserveira Albo.

Por suposto que a entrada de capital estranxeiro nas empresas forma parte do sistema e resulta fundamental para moitas empresas que precisan levar a cabo importantes investimentos. Pero o matiz entre a entrada de capital foráneo en empresas para expandir a súa capacidade produtiva e a entrada de capital estranxeiro para absorber por completo unha empresa é moi considerable, especialmente cando se trata de empresas que dispoñen dun importante coñecemento e tecnoloxía.

A economía, entendida como unha ciencia social que o que procura é o benestar de todo a cidadanía é coñecemento e o coñecemento é aprendizaxe. Para que haxa unha boa capacidade de aprendizaxe debe existir unha potente vinculación ao territorio das empresas e para iso, é preciso que as empresas conten cunha capacidade financeira suficiente para poder facer fronte aos seus investimentos.

Galicia conta con diversos mecanismos que axudan a capitalizar a diferentes empresas e que actúan sobre determinados fallos de mercado. Estes mecanismos están centrados na estratexia de capital risco é dicir, no financiamento de empresas tecnolóxicas ou de empresas con un forte compoñente innovador mediante participacións temporais e minoritarias no capital social de tales empresas. Xesgalicia é a entidade xestora de tales fondos, os cales son:

- *“O Fondo Adiante oriéntase a empresas xa existentes que poidan estar necesitadas de apoio financeiro e de xestión, para salvar unha situación temporal de dificultade ou para evitar que poida chegar a atoparse nela. Estas empresas terán que ser viables técnica, comercial e financeiramente.*

A porcentaxe máxima de participación do Fondo Adiante no capital da empresa será do 45% e este investimento non superará o 15% do activo total do fondo



- *O Fondo Galicia Compite FICC oríentase cara a proxectos empresariais promovidos por novos emprendedores, a sociedades de nova creación con posibilidades de desenvolvemento e máis aquelas que acometan actividades novidasas e/ou que apliquen as novas tecnoloxías.*

*Está especialmente dirixido a **proxectos innovadores**, que permitan mellorar a competitividade empresarial, ben sexa a través de avances na distribución, nas estruturas organizativas ou mediante a combinación de tecnoloxía e mercadotecnia.*

- *O Fondo Galicia Innova Tech, FICC diríxese a proxectos empresariais con marcado carácter innovador, con especial atención aos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.*

*Unha característica deste **fondo tecnolóxico** é que o equipo de xestión das compañías nas que o Fondo Galicia Innova Tech FICC invista, deberá ter unha probada capacidade de xestión.*

- *O Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, FICC, persegue os seguintes obxectivos:*
 - *Fomento do espírito emprendedor e apoio financeiro a iniciativas emprendedoras*
 - *Creación dunha rede galega de inversores particulares.”*

Estes fondos, teñen una gran importancia para o tecido empresarial galego pero soamente cobren un determinado déficit na rede do financiamento empresarial.

Moitos territorios contan con este tipo de mecanismos, pero sen embargo non son moitos os que contan con outros tipos e mecanismos que vaian a cubrir outros aspectos do financiamento e especialmente aqueles destinados á consolidación e fortalecemento. Os fallos de mercado expándense ao longo da vida dunha empresa e polo tanto, deberían existir mecanismos que actúen ao longo destas fases.



A prioridade destas outras ferramentas serían a de favorecer e afondar a vinculación entre territorio e empresa, a través da toma de participacións en empresas clave con vocación ao longo prazo, de xeito que se xere o ecosistema necesario que fomente a xeración de emprego e riqueza. De maneira máis específica, o obxectivo sería o de garantir que determinadas empresas de capital galego, exerzan un carácter tractor sobre o conxunto do tecido produtivo galego.

Deste xeito, a implementación e combinación destas medidas axudarían moi significativamente a que as empresas galegas e especialmente o territorio galego, gañasen unha maior capacidade competitiva, así como tamén, unha maior viabilidade financeira que permitirá abordar con maior confianza os procesos de investimento e crecemento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo un plan de estudo para a creación dun fondo de capital público galego que teña por obxectivo a participación con carácter de longo prazo en grandes empresas galegas que conteñan un alto compoñente tecnolóxico e innovador, co obxectivo de ancorar tales empresas ao territorio.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/11/2019 10:57:35

Francisco Casal Vidal na data 28/11/2019 10:57:46



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

En maio de 2019 entraba en vigor o Real Decreto Lei que obriga ao rexistro horario da xornada laboral. Deste xeito, as empresas están obrigadas a rexistrar diariamente a xornada dos seus traballadores, en virtude do Real Decreto aprobado polo Goberno o pasado mes de marzo no que se daba ás empresas un prazo de dous meses para adaptarse a esta nova normativa.

O obxectivo desta medida é medir a duración das xornadas laborais e, por tanto, das horas extraordinarias dos traballadores.

Sen embargo, coidamos que este sistema de control que obriga ao rexistro horario da xornada laboral xera moitas dúbidas sobre o alcance e a súa aplicación desta norma no sector marítimo-pesqueiro.

Este Grupo Parlamentario é perfectamente coñecedor, ao igual que o é o Goberno da Xunta de Galicia, que o sector marítimo-pesqueiro é moi complexo de regular a nivel laboral polas súas peculiaridades por iso está exento de diferentes normativas. Debemos ter en conta as peculiaridades propias deste sector de actividade que conta incluso cun réxime especial de Seguridade Social.

Concretamente, no caso do control dos horarios xa non se trata tanto de establecer os mecanismos, senón tamén de como contabilizar as horas de presenza a bordo, xa que parte destas non son de traballo efectivo.

Por iso vemos razoable a petición do sector de que se teña en consideración a especialidade do traballo no mar para impedir que a aplicación da normativa xeral estatal sobre control de horarios de traballo dificulte burocráticamente a actividade a bordo dos buques.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Nesta liña, tense formulado no seo do Consello Galego de Pesca a necesidade de solicitar unha aclaración sobre esta normativa no referente ao rexistro diario da xornada a bordo de buques pesqueiros.

Por todo o sinalado e sendo conscientes dos prexuízos que esta indefinición lle pode supoñer ao sector pesqueiro galego e do conxunto de España en xeral, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. A aclaración sobre a aplicación e alcance da obrigatoriedade do rexistro diario da xornada a bordo dos buques pesqueiros.
2. Adecuar, tendo en conta as peculiaridades laborais do sector pesqueiro, ou mesmo eliminar esta norma para o sector marítimo-pesqueiro en base á súa posible inviabilidade de aplicación”.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/11/2019 12:19:33

Teresa Egerique Mosquera na data 28/11/2019 12:20:00

Martín Fernández Prado na data 28/11/2019 12:20:16

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/11/2019 12:20:41

Alberto Pazos Couñago na data 28/11/2019 12:20:54

Marta Rodriguez Arias na data 28/11/2019 12:21:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Soraya Salorio Porral na data 28/11/2019 12:21:25

Daniel Vega Pérez na data 28/11/2019 12:21:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGIKH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Desde Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e Consellería do mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia. Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte.

Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a



efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.

Por tanto, este Grupo Parlamentario considera oportuno formular a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira de cara a:

1. Proceder a considerar e dar abeiro á posibilidade de poder rexistrar e empregar como auxiliares de 4ª lista os buques que se utilizan para o marisqueo ou a extracción de recursos específicos coma o percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para achegar aos pescadores alí onde se encontra o recurso.
2. Flexibilizar as baixas por caladoiro e modalidade para a entrada de nova capacidade, buscando solucións á escaseza de baixas”.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/11/2019 12:25:23

Teresa Egerique Mosquera na data 28/11/2019 12:25:49

Martín Fernández Prado na data 28/11/2019 12:26:02

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/11/2019 12:26:30

Alberto Pazos Couñago na data 28/11/2019 12:26:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Marta Rodriguez Arias na data 28/11/2019 12:26:55

María Soraya Salorio Porral na data 28/11/2019 12:27:12

Daniel Vega Pérez na data 28/11/2019 12:27:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKIH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
- Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
- Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.



Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.^a) Asume o Goberno de Galicia que o informe de expertos *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* supón unha gran emenda á súa política sanitaria dos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2019 13:27:24

Noela Blanco Rodríguez na data 26/11/2019 13:27:36



Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia sitúase como unha das CCAA de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia CCAA, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non entanto, a presenza dos profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do SERGAS. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficit de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar. Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).

Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense



poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outro plantexamento asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como valora a Xunta de Galicia a situación actual da capacidade e calidade asistencial do SERGAS respecto da saúde mental?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2019 17:21:55

Noela Blanco Rodríguez na data 26/11/2019 17:22:06



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é un edificio sito na cidade, no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. Como consecuencia das demandas do Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar relativas ao desleixo do Goberno sobre o centro, debatéronse varias iniciativas deste Grupo Parlamentario sobre o seu lamentable estado e a necesidade da súa reforma integral, mais a Consellería de Política Social recorreu ao “tapado con parches”.

Curiosamente, o día anterior á presentación pública do proxecto de lei de Orzamentos polo Goberno galego, a conselleira desembarcou en Pontevedra para revelar que a Xunta investirá 3,7 millóns de euros para deixar este centro “como novo”, destinando ao efecto unha partida específica. A propia conselleira indicou que este sería o maior investimento en materia social feito en Galicia no ano 2020 e que as primeiras actuacións comezarían nos primeiros meses daquel ano. O problema está en que no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 non aparece unha partida específica para a súa realización, ante o que “fontes da Consellería” indicaron que esa cantidade se atopaba en partidas xenéricas, sen máis concreción.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se contempla a reforma da “Residencia do Maior de Pontevedra”, sita no barrio de Campolongo?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Noela Blanco Rodríguez

María Luisa Pierres López

Julio Torrado Quintela





Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2019 10:05:20

Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2019 10:05:38

María Luisa Pierres López na data 27/11/2019 10:05:50

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2019 10:06:06



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2007 entraba en vigor a lei que reformaba a Lei de Responsabilidade Penal dos Menores 5/2000, de 12 de xaneiro. Grazas a esta norma, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas xudiciais é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O “Avelino Montero”, en Pontevedra, é un dos centros galegos onde se executan estas medidas xudiciais de internamento. Trátase dunha construción de mediados dos anos 80 que, lamentablemente, está en peores condicións que nos anos 80. O propio Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicou en varias ocasións o desleixo máis absoluto das instalacións: Deficiencias múltiples nas infraestruturas e en todas as instalacións e falla de persoal que inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e que só o grande labor dos profesionais acada impedir. Este grupo parlamentario levou en varias ocasións iniciativas sobre os centro e os seus problemas, recibindo respostas vagas e promesas futuras por parte da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Curiosamente, o día anterior á presentación pública do Proxecto de lei de orzamentos polo Goberno galego, a conselleira de Política Social desembarcou en Pontevedra para revelar que a Xunta investirá 1,3 millóns de euros para a reforma integral do centro, destinando ao efecto unha partida específica. O problema está en que no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 non aparece unha partida específica para a súa realización, ante o que “fontes da consellería” indicaron que esa cantidade se atopaba en partidas xenéricas, sen máis concreción.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se contempla a reforma do centro de menores “Avelino Montero”, en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2019 10:00:35

Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2019 10:00:57

María Luisa Pierres López na data 27/11/2019 10:01:14

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2019 10:01:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**.

O 28 de decembro de 2018 tivo lugar a firma do convenio, para a creación da Vía Verde do Salnés, entre os Concellos de Vilagarcía de Arousa, Portas e Caldas de Reis coa Deputación de Pontevedra. Este proxecto supramunicipal naceu co obxectivo de recuperar parte da liña ferroviaria que comunicaba Redondela con Santiago e atravesaba as comarcas do Salnés e Ulla- Umia, convertendo os 9,20 quilómetros que atravesan os Concellos anteriormente mencionados nunha senda peonil e ciclista de uso turístico.

O presuposto do proxecto fixouse en 583.000 euros, dos cales 200.000 serán aportados pola Deputación e 156.000 polos tres concellos, contando co compromiso da Xunta de Galicia para asumir o pago da cantidade restante, xa dende o ano anterior, 2017. Sen embargo, ata hoxe a Xunta aínda non reflectiu nos seus orzamentos a cantidade destinada para financiar a Vía Verde, e tampouco amosa interese en firmar o convenio de colaboración coa Deputación e os tres concellos. Resulta incomprensible a lentitude e a indiferenza que amosa o Goberno galego en canto a un proxecto que debería ter nacido dende o seu propio interese.

O Grupo Común da Esquerda valora esta iniciativa, dende unha postura práctica e realista, pois entendemos que a creación dun espazo verde, sustentable e que



favorece a posta en valor do patrimonio natural, arquitectónico e cultural da comarca sempre resulta positivo, e máis aínda en comparación á situación de desuso e abandono anterior que sufrían as antigas infraestruturas ferroviarias da zona, pero a pesares disto, non compartimos o desmantelamento do tren de proximidade, a supresión de liñas que poderían axudar á creación dunha rede galega de cercanías, tampouco compartimos un modelo desestruturado de vías verdes, que dedicadas unicamente ao uso lúdico e turísticos evitan afrontar o que debera ser o seu obxectivo fundamental, a procura dun modelo alternativo de mobilidade, as vías verdes é ciclistas son e deben ser elementos de transporte útiles para itinerarios habituais, non meras alternativas de ocio.

Polo exposto, os deputados asinantes presentamos a **seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

- Que vai facer o Goberno galego en relación coa creación desta Vía Verde?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2019 13:18:06

Antón Sánchez García na data 27/11/2019 13:18:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A xestión das augas residuais é unha das diferentes problemáticas ambientais e de saúde pública que asolan o noso país. Un problema que xunto con outras agresións como as producidas polo colapso do modelo de xestión de residuos están sendo un serio problema para a conservación da calidade das nosas augas.

O Rio Tea non é unha excepción, tristemente, e en plena rede natura, en Pontearreas, contamos con unha depuradora que leva moitísimos anos soportando unha carga moi superior á que pode xestionar, ocasionando continuas verteduras de auga sen tratar, que están deteriorando o patrimonio natural do lugar.

A Conca Hidrográfica Miño-Sil vén de impoñer outra sanción ao Concello por esta cuestión, unha sanción máis, outras agresións medioambientais máis sen que a Xunta de Galicia reaccione, pois segue sen liderar a posta en marcha dunha solución que debe pasar, loxicamente, pola colaboración das tres administracións, Estado, Xunta de Galicia e Concello.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Que información ten a Xunta de Galicia sobre as afeccións a este espazo da Rede Natura?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2019 18:48:03

Antón Sánchez García na data 27/11/2019 18:48:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento a través de denuncias de particulares así como da AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores) da apertura dun centro de atención a familias separadas creado en colaboración coa Asociación de Pais Nais Separados de Galiza co apoio económico de cando menos a Consellaría de Política Social da Xunta de Galiza.

Consideramos esta unha situación grave e que debe ser corrixida de forma inmediata, pois supón un risco para as e os menores, un risco evidente de favorecer e agravar de situacións de violencia machista e baséase na promoción do denominado síndrome de alienación parental. Cómpre recordar que esta última cuestión supón unha nova manifestación do patriarcado, que carece de fundamentos no ámbito científico internacional e mesmo foi rexeitado pola OMS e polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial. Trátase dunha forma máis de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

violencia machista que non pode ser asumida, promocionada ou dulcificada por parte das administracións públicas.

Así mesmo, cómpre lembrar que en xaneiro de 2019 diversas organizacións sociais do noso país, como a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (Agamme), a Marcha Mundial das Mulleres (MMM), o Sindicato Labrego Galego (SLG), a Rede de Mulleres Veciñais de Vigo, a Asociación de Axuda a Vítimas de Agresións Sexuais do Baixo Miño (Adavas Baixo Miño), o Observatorio da Mariña pola Igualdade, a Asociación Fuco Buxán e a Asociación de Profesionais dos CIM de Galiza dirixíronse aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego para denunciar a manipulación que se está a facer da figura do coordinador parental e que desde este Grupo asumimos plenamente.

Por outra banda, desde o Bloque Nacionalista Galego rexeitamos que o atendimento das e dos menores nunha situación de conflito como é unha separación recaia nunha organización de parte como é a de Pais e Nais Separados de Galiza, con posicionamentos políticos favorables á imposición da custodia compartida (como demostra a ILP rexistrada e debatida no Parlamento de Galiza á que o noso grupo deu o voto en contra en solitario) e contrarios aos avances en materia de violencia machista, como demostra o seu recente recurso ao Tribunal Constitucional respecto do Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero poñendo en dúbida medidas xa consolidadas en Galiza como a non necesidade de denuncia xudicial para a acreditación da condición de vítima de violencia machista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que favorece a Xunta de Galiza un organismo que favorece a implantación da coordinación parental e a lexitimación do inexistente síndrome de alienación parental?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2019 12:24:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2019 12:24:38

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2019 12:24:45

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2019 12:24:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2019 12:25:00

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2019 12:25:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as demandas do profesorado galego a través das súas organización sindicais para a recuperación do horario lectivo.

As organización sindicais que representan o profesorado galego levan semanas mobilizándose, de maneira unitaria, e mesmo teñen convocada unha xornada de folga o 12 de decembro para exixir á consellaría a recuperación do horario lectivo previo á reforma do Partido Popular. Isto é, na defensa das 18 e 21 horas.

Malia que o Goberno español derogou o pasado ano o Real Decreto que – invadindo as competencias autonómicas—incrementaba o número de horas lectivas no conxunto do estado, a Xunta de Galiza continúa sen sentar a negociar co profesorado a devolución deste dereito que suporía unha importante mellora, alén do máis, na calidade educativa do noso país.

De facto, a negativa do Goberno galego a falar coas organizacións sindicais apenas rachou pola presión que estas exerceron cun peche nas dependencias da Consellaría. Unha actitude por parte das persoas responsábeis políticas á fronte de Educación que é, desde calquera punto de vista, inadmisíbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que rexeita a Xunta de Galiza iniciar un proceso de diálogo para a recuperación do horario lectivo?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2019 13:42:57

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2019 13:43:05

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2019 13:43:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2019 13:44:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2019 13:44:10

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2019 13:44:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A subida do prezo dos alugueiros que se produciu nos últimos anos non foi ligada a unha mellora do nivel adquisitivo da cidadanía, o que está provocando que cada vez máis persoas atopen dificultades para acceder a unha vivenda digna.

O Goberno galego non adoptou as medidas pertinentes para solucionar esta situación, a pesares de ter moitas opcións, como a de crear un parque público de vivenda, ou a de mobilizar as 300.000 vivendas baleiras que, a día de hoxe, hai espalladas pola xeografía galega. É preciso, por tanto, que se tomen medidas en xeral para garantir o acceso a vivenda, regulando os prezos dos alugueiros, e que, ademais, se tomen medidas para solucionar a situación na que se atopan algúns colectivos específicos, que teñen máis dificultades, como son as mulleres que viviron violencias machistas.

As actuais axudas para o acceso a un alugueiro poden deixar fóra a moitas destas mulleres. Son complicados de cumprir en moitos casos os requisitos para acceder a ser persoa beneficiaria deixando pouca marxe de flexibilidade, por exemplo os requisitos como “*que o documento acreditativo da situación de violencia fose emitido dentro dos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude*”.



Pero son os requisitos que se esixen ás rendas, ou mesmo ao estado da vivenda, os máis afastados da realidade.

Atopar unha vivenda dun máximo de renda de 450 € nas cidades galegas, que ademais dispoña das condicións esixibles de accesibilidade, por parte dunha muller que non dispón dos recursos suficientes para cumprir con requisitos esixibles por parte de arrendatarios ou arrendatarias en canto a pago de fianzas elevados, estabilidade laboral, ou avales, resulta moi complicado.

Polo tanto, é necesario mudar estas axudas para que se adecúen a realidade existente e para que sexan verdadeiramente útiles.

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para mellorar as axudas ao alugueiro ás que poden acceder as mulleres vítimas de violencias machistas para que sexan verdadeiramente útiles?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Julia Torregrosa Sañudo.

Deputadas e deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59486
Data envío: 28/11/2019 16:11:18.426

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2019 15:31:32

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2019 15:31:47

Antón Sánchez García na data 28/11/2019 15:31:58

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/11/2019 15:32:11



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional creou mediante a Resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e con carácter experimental, a Rede galega de dinamización da FP Dual, creando a figura do responsable de dinamización da FP Dual, que ten como función, entre outras, a de asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP Dual de cara á realización dunha xestión de calidade.

O mesmo día que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional presenta a primeira guía informativa sobre a FP Dual nunha xornada técnica que reuniu a todos os axentes implicados no desenvolvemento destas ensinanzas, a saber, empresas, equipos directivos, docentes e persoas dinamizadoras da antes citada rede de dinamización de FP Dual, comprobamos nunha noticia de prensa a existencia de empresas que poñen en cuestión o modelo.

Así, mentres a Sra. conselleira afirma que *“Neste paso é crucial a confianza empresarial, así como o compromiso dos centros educativos”*, podemos ler que as empresas urxen a participar na elección dos profesores para mellorar a FP Dual e que pese a que consideran que o plan formativo é o que mellor se adapta ás súas necesidades, atópanse a docentes que non *“defenden o modelo educativo”*.

Identifican como un progreso a súa participación na selección do profesorado dos centros educativos, pois consideran que debe ser *“consensuado”* e *“non imposto”*, como se produce na actualidade, para mellorar a formación e a integración do alumnado na empresa.

As anteriores afirmacións parecen poñer en cuestión, cando menos, a profesionalidade do profesorado que participa nos proxectos de formación profesional dual.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:



Considera necesario o Goberno galego que as empresas participen na selección do profesorado participante en proxectos de FP Dual ou que o dito profesorado deba ser consensuado coas empresas?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/11/2019 17:01:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/11/2019 17:02:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Grupo Común da Esquerda xa expresou na Comisión de orzamentos de cultura o seu desacordo co desequilibrio evidente entre a AGADIC e a ATG. A norma indica que as contas deben presentarse equilibradas, é dicir, ten que haber unha correspondencia entre ingresos e gastos. Se non, falamos de anomalías. A Xunta debe facer unha aportación clara de explotación. Debe explicar nidiamente que porcentaxes se destinan á compra de produtos ou a aportación de servizos.

A nivel xeral compre salientar que para o ano 2020 a Xunta pretende, ante todo, dar un paso máis na consolidación dos recortes. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, **74.884.984 €**, o 0,11% do PIB. A mesma porcentaxe que en 2019. Porén, non chegamos á metade do que tiñamos no ano 2009 cando había **141.564.579 €**, o 0.25% do PIB. Na actualidade hai **87.662.279 €** menos que no ano 2009.

Ao noso entender, os orzamentos son insuficientes. Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual da cultura sobre o PIB non fixo máis que descender. Non acontece o mesmo en Turismo que si resulta estratéxico para este goberno. Só o turismo e non o noso ecosistema cultural que por moito que digan están dissociados. Presentaron uns orzamentos nos que se di que a Consellería de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Cultura e Turismo é a que máis medra, cun alza do **8,9%** impulsada, en boa medida, polo **Xacobeo**, pero non é certo, non hai tal incremento en Cultura.

Un exemplo dese desequilibrio e de que todo vai dirixido a potenciar o *Ano Santo*, vémolos nos orzamentos destinados ás Axencias dependentes da Consellería de Cultura e Turismo. É importante reparar na diferenza significativa entre ámbalas dúas:

Axencia Galega De Industrias Culturais.....	11.806.506 €
Axencia de Turismo de Galicia.....	73.835.909 €

O ano pasado formulamos una emenda de devolución á Axencia Galega de Industrias Culturais na que alertabamos de que a precariedade dos seus orzamentos (11.720.641€) non permitía desenvolver as súas competencias. Ese ano, a Axencia recibe practicamente a mesma cantidade de diñeiro (11.806.506€) –só se produciu un leve incremento–, polo que cómpre subliñar de novo que o Goberno da Xunta non se está tomando en serio a necesidade de reforzar e promover a cultura galega. Este ano volvemos formular unha nova emenda de devolución por motivos obvios.

A comparativa específica entre os orzamentos destinados entre o 2019 e o 2020 ás unidades de produción, nas que se apreza unha drástica redución, debe explicalas e argumentalas o responsable máximo da Consellería de Cultura e Turismo coa fin de manter a súa credibilidade, despois das afirmacións vagas, esquivas e inconcretas que verquiu no Pleno, na sesión específica do 20 de novembro de 2019.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Uns orzamentos para *Fomento das actividades culturais* sen desglosar, nos que tan só aparecen as cantidades globais por un total de 11.806.506 €, sen máis detalle. No ano 2012 dispuña de 4M€ máis, o que nos dá unha idea da falla de compromiso da Consellería de Cultura coa Axencia de Industrias Culturais de Galicia e co noso ecosistema cultural .

É lóxica a preocupación do ecosistema cultural galego con respecto ás actuacións de obras de interese estratéxico, nas que se apreza unha caída porcentual con respecto aos centros de produción e consideramos de total relevancia que a transparencia na rendición de contas sexa absoluta para non minar a confianza e a credibilidades social nunha Institución que ten a obriga de facelo.

Lembramos, por se alguén o esqueceu, que entre os obxectivos da AGADIC atópanse, segundo a Consellería de Cultura e Turismo:

- a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.



A AGADIC confirmou a diferentes medios de comunicación que varios dos proxectos do CDG e do CCG para 2020 desenvolveranse ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo. Desmentiu a través dun comunicado que vaia haber recortes nos orzamentos do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego

A erregueté, Revista Galega de Teatro, pediulle á AGADIC a oportunidade de facer unhas preguntas ao director da Axencia, Jacobo Sutil, e recibiu por resposta un breve comunicado que di: “Tanto o Centro Dramático Galego como o Centro Coreográfico Galego non verán diminuídas a súa dotación económica en 2020, xa que varios dos proxectos de ambas unidades de produción para o ano que vén se desenvolverán ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo 2021 e estes investimentos non se contabilizan dentro do orzamento da Agadic, senón do de Turismo de Galicia”.

Dise que nos orzamentos da Axencia de Turismo para 2020 existe unha partida de máis de dez millóns de euros para o Xacobeo 2021, mais sen desglosar, polo que resulta imposible saber cal vai ser o diñeiro destinado ás unidades de produción. Isto non ofrece ningunha garantía, seguridade, nin rigor na resposta por parte da AGADIC.

Aínda que as dúas Axencias pertencen á mesma Consellería, as dotacións deben estar desagregadas e as súas contabilidades ser independentes. Non se entende por que os recursos minguan e a reclamación reiterada de reformulación, por parte das asociacións, profesionais, axentes implicados, e grupos políticos da oposición, non se aborda como merece.



Tampouco amosa dignidade nin respecto polo ecosistema cultural galego, quen sendo o máximo responsable da súa protección fai declaracións de costas a parte do tecido asociativo do sector escénico, musical e audiovisual, anunciando no Pleno dunha sesión parlamentaria e por sorpresa, a elaboración dun estatuto da AGADIC, sen contar con todas as persoas implicadas, cando ademais o que se lle pregunta é polos orzamentos, sen desmentir os recortes. Isto esixe unha aclaración.

No que ten a ver co CDG: as xiras son cada vez máis curtas. Canto as coproducións, acúsase ao programa do CDG de ocultar tras elas unha serie de subvencións ocultas, outorgadas arbitrariamente e sen que se coñezan os criterios que rexen as adxudicacións. Hai unha tendencia á burocratización e externalización. Á baixa produción, únense carencias orzamentarias e polémicas arredor dos procesos de selección de elencos, xiras de distribución máis exiguas que nunca, desaparición de programas de proxección exterior como o *Proxecto Nós*. O balance non semella moi satisfactorio: a palabra “refundación” aparece constantemente entre os críticos coa xestión da ADADIC e a esixencia de autonomía para o CDG aparece en todas as receitas como a vía que se deba seguir para normalizar o funcionamento dunha institución con máis de trinta anos de existencia.

O Centro Coreográfico Galego: no mes de xuño un grupo de profesionais galegos da danza fixo público un manifesto que denunciaba “múltiples irregularidades” e “mala xestión e falta de transparencia”, despois de que o CCG anunciase a estrea do espectáculo Maestro Rodrigo –no que a filla de Suárez exercía de primeira bailarina–, logo dun longo período sen producións propias. Nese manifesto, denunciábase a “inactividade do CCG (sen producións propias nas últimas tempa-



das) e a inexistencia absoluta dun Plan de actuación para as artes do movemento desde o CCG, que sinale os seus obxectivos, funcións, fundamentos, estratexias, programa de actividades, plan de usos e distribución dos recursos públicos empregados, entre outros”, ademais de opacidade, falta de rendición de contas, “incompatibilidades, non xustificadas debidamente, entre o cargo da dirección do centro de natureza pública, e o mantemento de actividades de iniciativa privada no mesmo sector de actividade” e irregularidades que afectaban ao espectáculo Maestro Rodrigo.

O que anuncia o Conselleiro é que se vai crear unha praza de coordinación do Centro Coreográfico. Equiparán a praza á da coordinadora do CDG (coa evidente baixada de categoría profesional). E asemade afirma que se creará unha nova praza de Xerente para a Axencia Galega de Industrias Culturais.

A Administración debера cumprir co dereito de acceso á cultura, recuperando os orzamentos para Cultura, recortados nesta década negra. As Artes Escénicas, a Música, a Danza, as Artes Visuais no noso país, a pesares da súa precariedade ofrecen un alto nivel de calidade de creación, un retorno significativo e teñen capacidade demostrada abondo para situar á cidadanía no centro das políticas culturais.

Polo anterior, preséntase a seguinte Pregunta:

- Por que se anuncia que non vai haber recortes alegando que algúns dos proxectos destas unidades se van desenvolver ao abeiro do programa cultural de promoción do Xacobeo 2021?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 17:46:55
Nº Rexistro: 59498
Data envío: 28/11/2019 17:46:55.963

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/11/2019 17:31:31

Luca Chao Pérez na data 28/11/2019 17:31:35



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Encarna Amigo Díaz, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Sandra Vázquez Domínguez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Consello da Xunta de Galicia de data 28 de novembro analizou o informe da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coa Oferta de Emprego Público (OPE) docente para 2020 que será presentada na mesa sectorial pertinente.

Esta oferta preséntase como a máis ampla das convocadas ata o momento, mesmo superando a de 2007, xa que o elevado número de prazas previstas, 3.654 en total, e o número de especialidades, 88, así o demostran.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional continúa así traballando para consolidar unha ensinanza de calidade, empezando por un dos piares fundamentais dos sistemas públicos de ensino como son os corpos docentes.

A estabilidade no emprego docente, rebaixando a taxa de interinidade, a consecución do derradeiro chanzo na carreira profesional docente, como é a categoría de catedráticos ou a aposta pola formación profesional, reforzando o número de prazas nesta modalidade de ensino regrado, son algunhas das conclusións que podemos extraer desta importante convocatoria.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os procesos de oferta pública de emprego no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 29/11/2019 14:10:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/11/2019 14:10:17

Teresa Egerique Mosquera na data 29/11/2019 14:10:36

Carlos Gómez Salgado na data 29/11/2019 14:10:53


Antonio Mouriño Villar na data 29/11/2019 14:11:05

María Isabel Novo Fariña na data 29/11/2019 14:11:21

Sandra Vázquez Dominguez na data 29/11/2019 14:11:32

Martín Fernández Prado na data 29/11/2019 14:11:51





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGIKH6BL05y2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

